

PREACTA

ÓRGANO: Xunta de Goberno Local

SESIÓN: Ordinaria

FECHA: 29-07-2024

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (15/07/2024). APROBACIÓN

2.- DECRETOS. DACIÓN DE CONTA

3.- XULGADOS E TRIBUNAIS

4.- FACTURAS. APROBACIÓN E PAGO

5.- DACIÓN DE CONTA. RESUMO DE INGRESOS DA RECADACIÓN MUNICIPAL (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO)

6.- CONVENIOS.

6.1.- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o concello de Carballo para a xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do 2º semestre do ano 2024. Dación de conta e aprobación do gasto.

7.- LICENZAS DE OBRA.

7.1.- Construción dunha edificación auxiliar e legalización de piscina na rúa Índico, número 18, Arnados, Razo. Expediente: 2024/U022/000015

7.2.- Construción dunha nave industrial destinada a almacén de produtos químicos na rúa Titanio, parcela J12, do Parque Empresarial de Bértoa. Expediente 2024/U022/000049.

7.3.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar de A Piña, parroquia de Sofán. Expediente: 2024/U022/000002.

7.4.- Acondicionamento de parcela, conservación de hórreo e demolición de anexo no lugar de Cambre número 8, parroquia de Lema. Expediente: 2024/U022/000014.

7.5.- Substitución de cuberta en edificación existente no lugar de San Mamede número 3, parroquia de Ardaña. Expediente: 2023/U022/000084.

7.6.- Reforma de vivenda unifamiliar e anexo no lugar de O Castelo número 36, parroquia de Lema. Expediente: 2024/U022/000039.

7.7.- Reforma de vivenda e rehabilitación dun hórreo no lugar de A Cesta número 7, parroquia de Ardaña. Expediente: 2024/U022/000035

7.8.- Construción de cuberta en fosa de purín existente no lugar de Vilar do Carballo, parroquia de Oza. Expediente: 2024/U022/000053

7.9.- Corrección de erro no texto da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Requeixo, parroquia de Bértoa. Expediente 2022/U022/000099

8.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

8.1.- Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar situada no lugar de Casas Novas número 30, parroquia de Berdillo. Expediente: 2022/U007/000035.

9.- RESERVA DE ESPAZO PÚBLICO.

9.1.- Vao permanente na rúa Túnel número 21. Ampliación de lonxitude.

9.2.- Vao permanente na rúa Nicaragua. Autorización.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

- 9.3.- Vao permanente na rúa Mirtos número 14. Autorización.
- 9.4.- Vao permanente na rúa Brasil números 13-15. Autorización.
- 9.5.- Vao permanente na Avenida Milagrosa número 42. Autorización.
- 9.6.- Vao permanente no Paseo da Praia 25. Autorización

10.- ROGOS E PREGUNTAS

BORRADOR ACTA Nº 17 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE XULLO DE 2024

Na Casa Consistorial o vinte e nove de xullo de dous mil vinte e catro (29/07/2024) sendo as trece horas minutos (13:00h), reúnese a Xunta de Goberno Local na sala de Xuntas do concello de Carballo, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

Asistentes á sesión:

María Belén Lendoiro Esmorís
María de los Angeles Pacoret Rodríguez
Iván Andrade Tasende
María Mar Eirís Villar
Maruxa Suárez Cotelo
Xosé Regueira Varela

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enriquez Albaina, e pola Secretaría a Secretaria Accidental dona Susana Mariño Lorenzo que dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos, incluídos na orde do día

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (15/07/2024). APROBACIÓN

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a acta da sesión do día 15 de xullo de 2024, que foi enviada xunto coa convocatoria.

2.- DECRETOS. DACIÓN DE CONTA

* Decreto 1978/2024 de 16 de xullo. Contrato administrativo de "Servicio de conservación, mantemento, reposición e traballos de sinalización horizontal e vertical na rede viaria do Ayuntamiento de Carballo" (SER 08/2024).

* Decreto 1998/2024 de 17 de xullo. Contrato administrativo de "Servicio de asistencia técnica para inspección e auditoría do contrato de servizo de limpeza viaria e servizos conexos do Ayuntamiento de Carballo" (SER 19/2024). Aprobación.

* Decreto 2061/2024 de 19 de xullo. Contrato privado de servizos de Dirección, coordinación e instrución da banda de gaitas municipal de Carballo (pri 09/2024). Aprobación.

3.- XULGADOS E TRIBUNAIS

3.1 .- Decreto do 26/06/2024 (registro de entrada nº 202400000004146 de 04/07/2024) do **Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela**.

- *Procedemento: **Abreviado 322/2024***
- *Demandantes: Xosé Aarón Méndez Pájaro*
- *Demandado: Concello de Carballo*
- *Causa do procedemento: demanda sobre diferenzas retributivas de Policía Local*
- *Acordo: "admitir la demanda interpuesta [...] dar traslado a la administración demandada del escrito de demanda y documentos presentados por la parte recurrente, requiriéndole que remita el expediente administrativo [...] en cuanto al señalamiento del acto de la vista, se acordará cuando la agenda lo permita"*

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as seus/súas membros (7), acorda propoñer ao sr. Alcalde a comparecencia no xuízo e a encomenda da defensa letrada e a dirección xurídica do Concello de Carballo no procedemento abreviado 322/2024, que se segue diante do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, a Agustín Añón Fraga, Colexiado nº 4.218- Colexio de avogados da Coruña, a quen se faculta para a realización de cantos trámites requira a representación e defensa dos dereitos e intereses municipais afectados no expediente, así como a remisión do expediente na forma solicitada e a cumprimentación dos demais trámites requiridos.

4.- FACTURAS. APROBACIÓN E PAGO

Vista a relación de facturas e abonos de facturas que se achega, correspondente a prestacións realizadas, que se presentan para a súa aprobación por importe total de **71.255,14 euros**.

Visto que se acredita a execución dos obras ou servizos, ou a recepción dos efectos, contando coa conformidade do alcalde ou concelleiro delegado competente, e no seu caso do persoal municipal responsable.

Considerando que as facturas constan debidamente rexistradas na contabilidade municipal, e que existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Visto o establecido no artigo 185.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 23/07/2024, no expte. 2024/T003/000028, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.-Aprobar as facturas que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Fecha Dto.	Importe	Sit.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2024/1879	31/01/2024	4.117,03	CO	B15771553	POMBO FADAUTO S.L.	REVISAR DAÑOS MOTOR, REPARAR MOTOR, REVISAR A SUSTITUIR COMPRESOR A/A. FIAT DUCATO 6490HKH
F/2024/2195	22/05/2024	265,72	CO	B15381403	SONPRESS S.L.	SUMINISTRO DE MATERIAL PARA O AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA
F/2024/2435	31/05/2024	617,11	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	VESTIARIO PERSOAL DE MANTEMENTO E MONITORES-SOCORRISTAS DE DEPORTES
F/2024/2462	31/05/2024	9,7	CO	B05458120	PLANETA KROMO SL	PINTURA SPRAY MONTANA HD2 AZUL ULTRAMAR RV-5002 BRI. 400 ML EX014H5002 PROT CIVIL
F/2024/2628	31/05/2024	4675,44	CO	B44657443	CASUAL DIVISION SL	Refuerzos de guardias de 10 horas al día del servicio municipal de Protección Civil por servicios de emergencia en la pr

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

F/2024/2631	13/06/2024	6,08	CO	B83115584	ENI IBERIA SLU	Z. CRYSTAL CLEAR (Brigada Municipal - Mayo 2024 -
F/2024/2637	13/06/2024	814,57	CO	B15381403	SONPRESS S.L.	SUMINISTRO DE TELA NEGRA IGNIFUGO C1 DE 330 GR/M2, SIN CONFECCIÓN.
F/2024/2641	31/05/2024	362,94	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	CONO 75 CM BASE FINA 1640B (PEDIDO JAVIER SOUTO) / CONO BASE FINA 1640B (PEDIDO JAVIER SOUTO)
F/2024/2642	13/06/2024	1815	CO	J15962871	ONDA COMUNICACION S.C.	Publicidade concertada (Cristina Abelleira) en NovaHit do 01/01/24 - 30/06/24
F/2024/2692	17/06/2024	774,4	CO	79335376G	VAZQUEZ ABELENDAS OSCAR	Expositor POPUP 300x230 cm. (Estrutura, lona impresa e bolsa transporte) / Adaptación deseño a formato 300x30x230 cm.
F/2024/2695	17/06/2024	949,85	CO	79335376G	VAZQUEZ ABELENDAS OSCAR	Maquetación e portadas libro 'Historia das parroquias de Carballo'
F/2024/2697	17/06/2024	1300,75	CO	79335376G	VAZQUEZ ABELENDAS OSCAR	Carpa 3x3m (3 laterais, bolsa de transporte e base rellenable)Deseño adaptación de marca 'Bibliotecas de Carballo plic
F/2024/2713	14/06/2024	226,61	CO	B27734334	TRIQUETA VERDE, SLU	Rect. Emit- 240108 / Dila crocodila. Son xenial Vol.2 (PEDIDO DA BIBLIOTECA DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO) / Un cu
F/2024/2717	15/06/2024	520,43	CO	B15526056	REGA MORALES S.L.	HIERRO ARMADO B-500SD EN VARILLAS / HIERRO ARMADO B-500SD EN VARILLAS / ALAMBRE ENCOFRAR Nº17 3,0 CUADROS ELECTRICOS
F/2024/2727	12/06/2024	768,51	CO	G15103500	FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO	CANÓN INSCRPCIÓN EN CALENDARIO DO 10K CARBALLO DO DÍA 02-06 / CONTROL TÉCNICO CÓMITE GALEGO DE XUICES / LICENZA DE DÍA S
F/2024/2747	20/06/2024	34	CO	B70472972	EDICIONS EMBORA S.L.	Compra do libro "Unha animalada de colexio" (Sistema de Novidades Editoriais da Xunta Pedido: #3226 Albará de entrega:
F/2024/2758	17/06/2024	1089	CO	32794281F	VILLAR REINO MARÍA TERESA	ARRANXO 4 TAMPOBRES, XOGO FLECOS E 5 BORLAS
F/2024/2782	18/06/2024	834,9	CO	B70139985	DONCLIC SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L.	CUENTA METRICOOL ADVANCED Gabinete comunicación
F/2024/2786	26/06/2024	411,4	CO	79335905G	MARIA GONZALEZ POMBO	LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO PLAZA JUNTO A LA IGLESIA DE S. MIGUEL DE VILELA (Trabajo ordenado por el director de obra: Jo
F/2024/2787	26/06/2024	14,9	CO	B15934458	LINEA INFO-ECO S.L.	Rect. Emit- 263 / CONSUMIBLES INFORMATICOS-PROTECCIÓN CIVIL
F/2024/2789	26/06/2024	279,11	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AMB.PORT.WH.AIRWICK FMATIK REC.6/25 / AMB.AIRWICK NENUCO FMATIC REC.C/6 / BOB SECAM.3U.2CP.HOSTELECO ECO.C/1 / LECHE
F/2024/2799	27/06/2024	54,01	CO	33253205N	BARREIRO RAMOS PILAR	BIOGRAFIA DEL SILENCIO. BREVE ENSAYO SOBRE LA MEDITACIÓN (código para contabil) / DESORGANIZACIÓN DEL APEGO. CLÍNICA Y

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

F/2024/2808	25/06/2024	900	CO	G70363692	ATLANTIC CLUB BIG BAND	ANIMACIÓN MUSICAL O DÍA 24 DE XUÑO POLAS RÚAS DE CARBALLO
F/2024/2823	20/06/2024	1073	CO	B15084163	SPEEDWAY NAUTICA S.L.	CAJA DE BATERIA (REVISAR MOTOR 25CV, DESMONTAR EL MOTOR E INSTALAR EL NUEVO MOTOR.) / MANGUERA COMBUSTIBLE / PERA COMB
F/2024/2828	28/06/2024	65,33	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	MATERIAL LIMPEZA - PRAIAS
F/2024/2864	01/07/2024	15,95	CO	J70441746	CARLIN CARBALLO S.C.	APLI ETIQUETAS 70 X 37 VERDE CLARO BIBLIOTECA
F/2024/2866	30/06/2024	74,85	CO	A78007473	LEASEPLAN SERVICIOS S.A.	Alquiler de vehículo/s con matrícula 3721MRT, con contrato 462564 para el periodo 2024-06-27 a 2024-06-30 (Model: CITRO
F/2024/2869	30/06/2024	427,49	CO	A78007473	LEASEPLAN SERVICIOS S.A.	Alquiler de vehículo/s con matrícula 6977MPW, con contrato 461914 para el periodo 2024-06-19 a 2024-06-30 (Model: SSANG
F/2024/2879	28/06/2024	294,47	CO	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS SA	MGS ACCIDENTES COLECTIVO TEMPORAL / Póliza 51412711 / Periodo de cobertura: del 30-06-2024 al 06-07-2024
F/2024/2895	02/07/2024	4356	CO	B15830888	INDUAGRO S.L.L.	Levantamiento topográfico (Levantamento topográfico, planimétrico e altimétrico, en coordenadas UTM, sistema ETRS-89, d
F/2024/2909	30/06/2024	1923,9	CO	B15489149	ELECTRICIDAD RAFAEL S.L.	Tramitación de boletíns e dirección de obra oara o San Xoan 2024 / Tramitación e pago de tasas para boletín de Verbena h
F/2024/2910	30/06/2024	3363,8	CO	B15489149	ELECTRICIDAD RAFAEL S.L.	Traballos realizados segun as necesidades técnicas descritas no escrito da Comisión para o San Xoan 2024 e segun presup.
F/2024/2914	03/07/2024	1300	CO	B70173836	MARINA VARDERO SL	ALQUILER BUGGY YAMAHA (JULIO 2024 - E0223BHX)
F/2024/2919	30/06/2024	203,69	CO	B15258577	VILECO MIX S.L.	MATERIALES DE FONTANERÍA PARA SAN XOAN
F/2024/2920	30/06/2024	145,03	CO	B15258577	VILECO MIX S.L.	VARIOS MATERIALES DE FONTANERIA E CALEFACIÓ N PARA O MERCADO MUNICIPAL
F/2024/2921	30/06/2024	193,6	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	carballo_concello_2024; JUN-19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28; lavozdegalicia.es; Carballo; FALDON_1 (980 X 90); i
F/2024/2924	30/06/2024	125,84	CO	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	C. CARBALLO-SAN JUAN CACHELA; JUN-19, 20, 21, 22; Radio Voz; Carballo ; CUÑA BASICA ; 30 SEG; / C. CARBALLO- SAN JUAN RO
F/2024/2931	03/07/2024	68,64	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AGUA MIN.SERVIHOST.PET 24/0,33L - CULTURA
F/2024/2938	13/06/2024	242	CO	79330255N	FERNANDEZ CAMPOS OTILIO	VIDEO CERTAME ENTREGA DE PREMIOS XOSÉ MANUEL EIRÍS
F/2024/2940	13/06/2024	121	CO	79330255N	FERNANDEZ CAMPOS OTILIO	SERVICIO FOTOGRÁFICO DRON TOMA DE FOTOGRAFÍAS TECHO MERCADO

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

F/2024/2941	25/06/2024	900	CO	B63748883	ESTUDI JURIDIC AMBIENTAL SL	CURSO APLICACIÓN DA LEI DE BENESTAR ANIMAL NA ADM LOCAL. PONENTE ANNA MULÁ ARRIBAS O DÍAS 3 E 4 DE XUÑO
F/2024/2942	18/06/2024	44,95	CO	B15768534	DEPORTES SAN REMO S.L	SOFTEE ARQUILLO FIJO PARA PORTERIA BLANCA ÚNICA- Portería exterior Pistas polideportivas do Chorís
F/2024/2944	28/06/2024	3115,75	CO	79323874W	JOSE RAMON BRANDON NEGREIRA	OBRA: BIBLIOTECA MUNICIPAL. CAÑON DE ESCALEIRAS E ENTRADA PRINCIPAL. TAPADO E LIXADO DE FENDAS E BURATOS. APLICACIÓN DUN
F/2024/2946	15/05/2024	2032,8	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	PARQUE INFALTIL DA BREA. Substitución e reparación de táboas, largueiros e postes en mal estado por madeira de pino trat
F/2024/2949	04/07/2024	570,89	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL PARA PROTECCION CIVIL
F/2024/2964	30/06/2024	623,65	CO	B15411432	JESUS PEDROUZO SL	BALDOSA AC.30X30 9T ESTRIADA GRIS / PALET MADERA / REJILLA ARQUETA PVC 30X30 obra parque do anllons
F/2024/2970	05/07/2024	28,75	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	PILOT FRIXION AZUL / PILOT FRIXION AZUL CLICKER / ARCHIVADOR AZ GRAFOPLAS ECOCLASSIC Fº / ARCHIVADORES P.CIVIL
F/2024/2974	28/06/2024	114,95	CO	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGANTIÑOS S.L.	CUBETA VIDRIO PARA EQUIPOS SERIE HI95/96/97 REF:HI731331 / * RECOGER Y ABONAR 4 CUBETAS VIDRIO PARA EQUIPOS SERIE / CUBE
F/2024/2975	28/06/2024	320,83	CO	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGANTIÑOS S.L.	FLOCULANTE ORGANICO FL/OR2 10LT (UN3264 LIQUIDO INORGANICO, CORROSIVO, BASICO, NEP (cloruro de aluminio, basico) 8 III
F/2024/2979	30/06/2024	60,5	CO	B15401375	JEPOMAR S.L.	CLAVIJA ENCHUFE / TRIANGULO / MANO DE OBRA (REMOLQUE PROTECCION CIVIL)
F/2024/2983	03/07/2024	37,75	CO	A08472276	WURTH ESPAÑA S.A.	BRIDA-PA6.6-NEGRA-3,6X280MM brigada de obras
F/2024/2988	08/07/2024	63,38	CO	J70441746	CARLIN CARBALLO S.C.	APLI ETIQUETAS 70 X 37 100 HOJAS VERDE BIBLIOTECA MUNICIPAL
F/2024/2989	08/07/2024	239,62	CO	J70441746	CARLIN CARBALLO S.C.	PAQUETE DE 8 ROLLOS TERMICO 80 X 45 METROS / ROLLO SUMADORA 57 X 35 TERMICO (PAQUETE)POLICIA LOCAL
F/2024/2999	30/06/2024	32,71	CO	B15507130	NEUMATICOS ROGELIO S.L.	PROTECCION CIVIL-CARRO MOTO NISSAN PATROL 3256BDV / MONTAJE / VALVULA TR218 A
F/2024/3004	08/07/2024	130,96	CO	B15915135	TALLER CINCO CARBALLO, S.L.	REPARACION RENAULT KANGOO 1463FMK (AREA DEPORTES)
F/2024/3016	08/07/2024	286,98	CO	B15640469	GALOPÍN PLAYGROUNDS S.L.	MO Columpio Plano 1660,75x625,00mm Caucho Negro
F/2024/3019	05/07/2024	161,4	CO	47380324W	FRANCISCO MANUEL FARIÑA VILLAR	MERCA ESCOLA DÍA 06/06/2024.- 2 CAFE CON LEITE, / 1 CAFE SOLO / 11 AGUAS MINERALES / KAS NARANXA / 0,0 TOSTADA / CERVEX

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

F/2024/3020	08/07/2024	242	CO	J15962871	ONDA COMUNICACION S.C.	Publicidade San Xoán 2024
F/2024/3027	02/07/2024	30	CO	49683735D	BARCOS PEREIRA EDUARDO	LAVADO COCHE MATRICULA 3600KCY (FORD KUGA NOTIFICADOR)
F/2024/3028	08/07/2024	81,8	CO	52435580L	PENEDO GARCIA LEONARDO JESUS	SERVICIO DE TAXI USUARIA SERVICIOS SOCIAS O DIA 08/07 PARA IR DE CARBALLO A CHUAC E VOLTA
F/2024/3029	28/06/2024	54,45	CO	B15744071	SOUTO RIVEIRO, S.L.	LAVADO Y LIMPIEZA INTERIOR VEHICULO PROTECCION CIVIL RENAULT TRAFFIC 6492-JHB
F/2024/3030	28/06/2024	54,45	CO	B15744071	SOUTO RIVEIRO, S.L.	LAVADO COMPLETO TODOTERRENO 4230 DCZ NISSAN PICK UP BRIGADA DE OBRAS
F/2024/3032	08/07/2024	847	CO	B70483458	GALAICA GLOBAL SL	CONCERTO RUSTY NUTS 22/06/2024 NO ROCKIN
F/2024/3034	06/07/2024	359,99	CO	B15051725	MUSICAL 47 S.L.	REPARACIÓN INSTRUMENTOS CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
F/2024/3035	06/07/2024	910,45	CO	B15051725	MUSICAL 47 S.L.	MATERIAL PARA O CONSERVATORIO
F/2024/3037	09/07/2024	605	CO	A70301510	SERMOS GALIZA S.A.	Publicidade en Nós Diario Concello de Carballo. REXENERA, FESTIVAL ROCKIN 2024: publicación dun bñner (300 píxeles de ba
F/2024/3038	09/07/2024	187,55	CO	B04953980	FRAGA Y RODRIGUEZ CAR, S.L.	BATERIA AGM 70AH START STOP RENAULT TRAFFIC 5570JVD BRIGADA DE OBRAS
F/2024/3039	08/07/2024	309,58	CO	B15643240	SERVIGAL S.L.	SERVICIOS VETERINARIOS: ESTERILIZACIÓN REALIZADA EL 01/07/2024 DE PERRO ADOPTADA NACIDA EN LAS INSTALACIONES DE HOTEL DO
F/2024/3041	09/07/2024	239,39	CO	47439892T	EVA CAMEÁN PENSADO	FONDOS BIBLIOGRÁFICOS PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL
F/2024/3042	09/07/2024	400	CO	G70586185	ASOC ESCOLA DO ALPRENDE	FOLIADA DE SAN XOÁN
F/2024/3053	30/06/2024	233,81	CO	B04953980	FRAGA Y RODRIGUEZ CAR, S.L.	MANTENEMENTO E REPARACIÓN NISSAN QUASQUAI PROT CIVIL (NISSAN QUASQUAI 7855 GZW)
F/2024/3054	05/07/2024	178,63	CO	A08472276	WURTH ESPAÑA S.A.	JABÓN-MANOS-BLANCO-4L / SPRAY-ZINC-CLARO-400ML / GRASA-LIQUIDA-HTS-ABSOBON-PTFE-500ML
F/2024/3065	09/07/2024	5961,37	CO	B15084163	SPEEDWAY NAUTICA S.L.	MOTOR F.B. 25CV (SUSTITUIR MOTOR F.B. MERCURY POR MOTOR YAMAHA 25CV Y COLOCACION DEL MISMO YA QUE ERA IRREPARABLE EL AN
F/2024/3073	11/07/2024	3170,96	CO	B15640469	GALOPÍN PLAYGROUNDS S.L.	REPOSICIÓN TOBOGÁN NO PATIO DO CEIP SAN LUIS ROMERO
F/2024/3076	11/07/2024	1069,26	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	LIBROS BIBLIOTECA - SUBVENCIÓN MELLORA DA COLECCIÓN. MODALIDADE B
F/2024/3082	11/07/2024	336,71	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL FERRETERIA PARA PLAYAS

F/2024/3083	10/07/2024	254,1	CO	52434812X	FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ PORTEIRO	3 BANDEIRAS LGTBI+ tamaño 1,80mtX1.20mt confeccionadas con dous enganches para a súa colocación
F/2024/3084	29/06/2024	549,4	CO	32754415T	PEREZ FRAGA MARIA DEL CARMEN	MATERIAIS FERRETERÍA - COLEXIO A GÁNDARA
F/2024/3109	11/07/2024	1290	CO	F70353982	URDIME, S. COOP. GALEGA	Representación do espectáculo "SILFORIÑA - DÚO" de Golfiños o 11 de xullo de 2024 en Carballo (A Coruña) dentro da progr
F/2024/3110	10/07/2024	48,4	CO	79324789C	POSE CHOUCIÑO OLGA	FIRMAS CONVIDADAS PLIC! 2 carteis pvc espumado 3 mm. de 37,5 x 50 cm a cor, vinilo mate
F/2024/3116	15/07/2024	1200	CO	G70586185	ASOC ESCOLA DO ALPRENDE	RUTA LITERARIA CRA Ponte da Pedra (1 grupo) 8-04-2024 / RUTA LITERARIA CEIP A Cristina (2 grupos) 15-04-2024 / RUTA LITE
F/2024/3117	15/07/2024	350	CO	F70514179	CHARLATANAS S.COOP. GALEGA	Actuación de SONSOLES PENADIQUE, espectáculo "O Chintófono de Dorothé" o 13 de xullo, Praza dos libros (LER CONTA MOITO)
F/2024/3118	14/07/2024	440	CO	33280749W	NOGUEIRAS NODAR FRANCISCO	ACTIVIDADE MUSICAL "SON ANIMAL"; DE PACO NOGUEIRAS DENTRO DA PROGRAMACION DA PRAZA DOS LIBROS 2024
F/2024/3131	16/07/2024	1736,35	CO	79310284M	JUAN FÉLIX GENDE DÍAZ	Traballos de deseño para a PLIC! 2024 / Traballos de impresión para a PLIC! 2024
F/2024/3137	15/07/2024	32,28	CO	B70218409	BREOGAS S.L.	UD125 BUTANO - ESCOLA INFANTIL DE RAZO
F/2024/3151	15/07/2024	363	CO	32822103E	ANTELO CAMEAN YOLANDA	Reparto cartelería + programas de man PLIC (Praza dos Libros de Carballo) en establecementos comerciais e de hostalaría
F/2024/3152	04/07/2024	298	CO	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	EL IDEAL GALLEGO ED. 4 DEL 01/07/24 AL 30/06/25 (BIBLIOTECA MUNICIPAL DE CARBALLO)
F/2024/3164	17/07/2024	92,58	CO	47380324W	FRANCISCO MANUEL FARIÑA VILLAR	AQUARIUS / AUGAS / CERVEXA / NESTEA / TORTILLA / SANDWICH / EMPANADA NURIA - PLIC 2024 (11/07/2024)
F/2024/3165	17/07/2024	120,01	CO	47380324W	FRANCISCO MANUEL FARIÑA VILLAR	EMPANADAS NURIA / TORTILLA / SANDWICH VEXETAL / SANDWICH MIXTOS / AUGAS- PLIC 2024 (14/07/2024)
F/2024/3168	16/07/2024	4797,65	CO	F70353982	URDIME, S. COOP. GALEGA	Montaxe loxística e decorados para a Praza dos Libros de Carballo do 11 ao 14 de Xullo de 2024 - Alugueiro e instalació
				TOTAL	71.255,14	

Segundo.-Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes a cada gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

5.- DACIÓN DE CONTA. RESUMO DE INGRESOS DA RECADACIÓN MUNICIPAL (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO)

Fóron vistos os resumos de ingresos da recadación municipal do Concello, e aos efectos de que a Xunta de Goberno Local poida facer un seguimento do estado de execución dos ingresos tributarios municipais, referidos a todos os impostos e taxas municipais, é polo que,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local dos resumos de ingresos mensuais realizados na recadación voluntaria e executiva do importe total dos impostos e taxas municipais.

A dación de contas, que se detalla, é referida ao período comprendido entre o día un do mes de xaneiro ata o trinta e un do mes de marzo de 2024, detalle que deseguido se indica:

Ingresos tributarios	Importe
Período xaneiro 2024	67.985,48 euros
Período febreiro 2024	129.883,85 euros
Período marzo 2024	177.774,44 euros

6.- CONVENIOS.

6.1.- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o concello de Carballo para a xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do 2º semestre do ano 2024. Dación de conta e aprobación do gasto.

Con data do 10 de xullo de 2024 o Alcalde asinou o convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Carballo (asinado polo Director da AGADIC con data do 10 de xullo de 2024) para levar a cabo a programación de actuacións de espectáculos de música, teatro, danza e títeres enmarcadas na RGTA, e que terán lugar no segundo semestre do ano 2024, que ten por finalidade a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Visto o anterior, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e na ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e vista a proposta da Concelleira delegada de Cultura e festas, de 16/07/2024, no expte. 2024/A008/000037, **e da xefe do servizo de Cultura** da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde, segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Dar conta de que, con data de 10 de xullo de 2024, o Alcalde asinou o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Carballo para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre do ano 2024, cuxo texto se transcribe a continuación na súa integridade.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS E A ENTIDADE CONCELLO DE CARBALLO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2024

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Evencio Ferrero Rodríguez, representante de Concello de Carballo (P1501900C) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".
3. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".
4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.
6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhíren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.
7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".
8. O Concello de Carballo, e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na

que non é posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2024.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2024 no Pazo da Cultura de Carballo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.- Obrigas da entidade

Mediante a sinatura deste convenio, Concello de Carballo, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeiteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.
- g) Poner á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.
- h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.- Obrigas da Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

- a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **8.125,00 euros** importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de **4.030,18 €** euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 10A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2024.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de **4.094,82 €**.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PI	Cirkompacto	Mal de tolos (Consolo de moitos)	11-10-2024	Praza do Concello	907,50 €	907,50 €
PA	Talía Teatro	Desexo	16-10-2024	Pazo da Cultura	995,00 €	995,00 €
PI	Píscore	Concerto Singular	20-10-2024	Pazo da Cultura	1.177,68€	1.242,32 €
PA	Sal do Teatro	Brokeback Sabucedo (Paixón entre as bestas)	27-10-2024	Pazo da Cultura	950,00 €	950,00 €
					4.030,18 €	4.094,82 €

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 16 de decembro de 2024 de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga pola órgano competente. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 16 de decembro de 2024.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio e no seu caso, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación de gasto sexa inferior ao importe do convenio, a achega económica da Agadic minorarase de forma proporcional.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- 50% do importe comprometido pola Agadic, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.
- 50% do importe ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo da Lei 9/2017, do 13 de xuño e no decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais dea Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto deas especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro Público de Subvencións da Xunta de Galicia.

Sétima.- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Novena.- Modificacións e resolución do convenio

1.As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.-Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo segunda .- Protección de datos de carácter persoal

Os asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos

persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

Décimo terceira - Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- Aprobar un gasto por un importe total de **8.125,00 euros**, para o pago das 4 actuacións de artes escénicas e musicais que forman parte do Convenio de Adhesión da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2023 (2º semestre), suscrito polo Concello de Carballo e a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia que se desenvolverá no Pazo da Cultura de Carballo.

Tal e como se recolle nas cláusulas terceira, cuarta e quinta do dito convenio, a Agadic colaborará na realización das actuacións previstas neste convenio cunha achega de **4.030,18 €** euros impostos incluídos e o Concello de Carballo colaborará coa cantidade restante de **4.094,82 €**. O pagamento das cantidades estipuladas no convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade, o 50% trala data da sinatura do convenio e o 50 % restante unha vez que a entidade programadora xustifique á Agadic correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta, debendo o Concello aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o importe estipulado.

O gasto irá con cargo da aplicación orzamentaria 3340.- 22609 Actividades Culturais do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2024 con retención de crédito con número de operación 220240007817 e número de referencia 22024003682 do 16 de xullo de 2024.

7.- LICENZAS DE OBRA.

7.1.- Construción dunha edificación auxiliar e legalización de piscina na rúa Índico, número 18, Arnados, Razo. Expediente: 2024/U022/000015

EXPEDIENTE: 2024/U022/000015.
SOLICITANTE: José Costa Castro
ASUNTO: Construción de edificación auxiliar e legalización de piscina
SITUACIÓN: Rúa Índico núm. 18, Arnados, Razo
REX. ENTRADA: 202499900000854 de data 16/02/2024

REF. CATASTRAL: 002404000NH29C0001ZY
REDACTOR PROX: Andrés Fernández Ascariz (arquitecto)
DIRECTOR OBRA: Andrés Fernández Ascariz
COORDINADOR S.S: Andrés Fernández Ascariz
PEM: 20.192,64 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (27.692,90 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para a construción dunha edificación auxiliar e legalización dunha piscina presentada con data 16/02/2024 (registro de entrada 2024999000000854), e acompañada da seguinte documentación:

- .- Proxecto técnico asinado polo arquitecto Andrés Fernández Ascariz, visado polo colexio profesional
- .- Reportaxe fotográfica
- .- Folla de estatística de edificación e vivenda
- .- Nomeamento de dirección de obra
- .- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde
- .- Documento acreditativo da titularidade da parcela

2.- Requirimento de documentación do 21/03/2024 (registro de saída 202400000001946)

3.- Emenda de documentación presentada polo promotor o 27/03/2024 (registro de entrada 202499900001615) consistente en documentación técnica complementaria, asinada polo arquitecto redactor do proxecto.

4.- Achega de documentación presentada polo promotor o 07/05/2024 (registro de entrada 202499900002461) consistente en documentación técnica complementaria, asinada polo arquitecto redactor do proxecto, que corrixe o esquema da instalación da piscina.

5.- Informe técnico de data 14/05/2024.

6.- Documentación complementaria, que modifica o proxecto anterior, presentada con data 13/06/2024 (registro de entrada 202499900003296), asinada polo arquitecto redactor do proxecto, que aumenta separación da construción auxiliar do cerramento perimetral e reduce levemente á superficie da mesma, incorporando a modificación nos planos e na memoria descriptiva e urbanística.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

O promotor solicita licenza para a legalización dunha piscina existente e para a construción dun anexo a unha vivenda unifamiliar existente.

Segundo se describe no proxecto técnico presentado, sobre a parcela hai unha edificación destinada a vivenda unifamiliar de planta semisoto, baixa e baixo-cuberta que data do ano 2001 segundo información catastral.

Con posterioridade, construíuse a piscina exterior para a que se solicita licenza de legalización e ademais preténdese a construción dunha edificación anexa á vivenda, a nivel de planta baixa destinada a zona de aseo e almacén.

A piscina ten unhas dimensións de 9 x 4 metros e unha cuberta baixa e retráctil.

Segundo a última modificación do proxecto, presentada o 13/06/2024, a construción auxiliar á vivenda ten unha superficie de 35,90 m² e unha altura ata o beirado de 3,30 m. A única división interior é para delimitar un aseo con porta de acceso dende o exterior.

A vivenda sitúase sobre unha parcela de forma irregular cunha superficie bruta de 1.951 m² segundo información catastral. Linda cun vial de titularidade pública polo vento norte e polo vento oeste, quedando unha superficie neta de parcela en solo de núcleo rural, segundo a documentación técnica, de 1.449 m².

Tal e como se describe na documentación técnica, a parcela, polo seu lindeiro este limita cun camiño de servidume e o cerramento que a delimita está situado cun recuamento de 1 metro respecto do límite da propia parcela.

Segundo a documentación técnica, a parcela conta con servizos urbanísticos. A evacuación de auga da piscina está prevista á unha gavia de drenaxe de pluviais na parcela e non á rede.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxectan as obras está en solo clasificado en parte como **solo de núcleo rural**, (ordenanza 1, vivenda familiar en núcleo rural común en grao 2) e parte en solo rústico.

O anexo proxectado e a piscina están situados na parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural que ten unha superficie neta, segundo o proxecto técnico presentado de 1.449 m².

O PXOM vixente é un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas de aplicación son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.
- Parcela mínima edificable: 500 m² a efectos de novas parcelacións.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 12 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 30% sobre parcela neta (**434,70 m²**)
- Edificabilidade: 0,30 m²/m² (**434,70 m²**)
- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con datas 14/05/2024 e 08/07/2024 (trala modificación do proxecto presentada promotor), indicando que as construcións obxecto do expediente cumpren con as condicións urbanísticas, non superando nin a ocupación nin a edificabilidade máxima da parcela tendo en conta a vivenda existente. A altura é inferior a 7 metros e respecta a distancia mínima de 3 metros de recuado ás parcelas lindeiras.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto xustificase o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

En relación coas aliñacións e cesión ao viario, a parcela ten un cerramento perimetral que, segundo a planimetría do PXOM coincide coa aliñación polo que non ten terreos situados fora da aliñación.

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás da vía xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal. O artigo 143.1, do mesma lei, establece que as licenza outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/U022/000015, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA de obras para a legalización dunha piscina existente e de construción dunha edificación auxiliar anexa á vivenda para uso almacén na rúa Índico 18, no lugar de Arnados, na

parroquia de Razo, de Carballo, segundo o proxecto presentado e resto de documentación achegada e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXIÓN COAS REDES EXISTENTES

A piscina non poderá estar conectada en ningún caso á rede de saneamento .

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación da vivenda acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

7.2.- Construción dunha nave industrial destinada a almacén de produtos químicos na rúa Titanio, parcela J12, do Parque Empresarial de Bértoa. Expediente 2024/U022/000049.

EXPEDIENTE: 2024/U022/000049
SOLICITANTE: PLÁSTICOS DE CARBALLO, S.A.
REX. ENTRADA: 202499900003759 de data 04/07/2024.
ASUNTO: Construción dunha nave industrial destinada a almacén de produtos químicos.
SITUACIÓN: Rúa Titanio, parcela agrupada J12, C2, C3, C4, C7A e C7B do Parque Empresarial de Bértoa.
REF.CATASTRAL: 5777910NH2857N0001ZA/5776111NH2857N0001HA/
5776109NH2857N0001WA/5776101NH2857N0001XA/
5776108NH2857N0001HA.
REDACTOR PROX: Manuel Breijo Cotelo (enxeñeiro industrial).
DIRECTOR OBRA: Manuel Breijo Cotelo.
PEM: 58.378,32 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (58.500,00 € s/ proxecto técnico presentado).

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para a construción dunha nave industrial destinada a almacén de produtos químicos presentada con data 04/07/2024 (registro de entrada 202499900003759), acompañada de:

- Proxecto técnico para a construción dunha nave industrial destinada a almacenaxe de produtos químicos. O proxecto está asinado polo enxeñeiro Manuel Breijo Cotelo e visado polo ICOIIG O 25.06.2024.
- Estudo xeotécnico.
- Folla de estatística e edificación.
- Nomeamento de técnico director de obra.
- Nomeamento de coordinación de seguridade e saúde.
- Documento acreditativo da titularidade da parcela.
- Documento de constitución da sociedade.
- Declaración do titular da actividade de que en ningún momento se emitirá un nivel de ruído superior aos 75 dB conforme ao Decreto 106/2015 de contaminación acústica de Galicia.

2.- Comunicación previa de actividade de almacén de produtos químicos do 04.07.2024 (registro de entrada 202499900003761), acompañada de:

- Proxecto técnico para a construción dunha nave industrial destinada a almacenaxe de produtos químicos.
- Xustificante de pago de tributos correspondentes á actividade.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitude de licenza de obras refírese á construción dunha nave industrial destinada a almacén de produtos químicos que forma parte da instalación industrial formada por máis edificacións e que ten como actividade a fabricación produtos de plásticos e derivados.

Proxéctase unha edificación illada de planta baixa cunha superficie construída total de 340,20 m² (24,30x14,00 m²).

No proxecto inclúe a descrición da actividade, consistente no almacén de produtos químicos para o seu uso nas instalacións da empresa. Conforme ao proxecto, a nave contará con dúas zonas diferenciadas, separadas fisicamente, unha zona para almacenar tintas e disolventes en contedores e envases metálicos sobre estantes metálicos; e outra zona para o almacenaxe dos residuos producidos (envases metálicos contaminados, envases plásticos contaminados e aceites usados). Cada zona conta con recollida de verquidos diferenciada, para que en caso de derrame de produto se conduza a un depósito enterrado de almacenamento. Non se levará a cabo ningún tipo de transformación ou tratamento das mercancías almacenadas.

A altura da nave é de 6 metros ata a parte inferior da estrutura de cuberta.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente no Consello da Xunta o 04.02.2016 (BOP e DOG 26.02.2016). No BOP do 21/02/2020 publicouse a Aprobación definitiva da modificación puntual núm. 3 do PXOM de Carballo, que afecta á normativa.

Segundo este planeamento a parcela obxecto das obras ten a clasificación de *solo urbano consolidado* e a ordenanza de aplicación é: *Ordenanza 6 – Industrial C. Zona ampliación Polígono empresarial de Bértoa*.

Na ordenanza remítese as ordenanzas de aplicación ao proxecto sectorial do parque empresarial de Carballo aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia o 8 de febreiro de 2007 (DOG Nº44 de 4 de marzo de 2011).

A parcela onde se sitúa a edificación é a agrupación de varias parcelas lindadeiras situadas en parte dentro da delimitación do proxecto sectorial do parque empresarial de Bértoa e parte dentro do ámbito do antigo polígono industrial de Bértoa. A edificación proxectada obxecto desta licenza está situada integramente dentro da delimitación da parcela J12 do Parque Empresarial.

O Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria do 28 de outubro de 2019 aprobou o Estudio de Detalle para a ordenación de volumes, axuste de rasantes interiores e ordenación do solo no edificado na parcela agrupada J12, C2, C3-C4, C7B do Parque Empresarial e Polígono de Bértoa, en Carballo.

Neste estudio de detalle xustifícase a ordenación dos volumes e o cumprimento das diferentes

ordenanzas de aplicación na parcela agrupada.

A edificación proposta sitúase completamente dentro da delimitación da parcela J12 procedente do *Proxecto de Reparcelación* cuxa cualificación é a de uso empresarial. Sitúase no *cuarteirón J* no que se aplica a *ordenanza particular 4 de "Terciario mixto extensivo", variante 4B*.

No que respecta á compatibilidade do uso, permítense o uso industrial en todas as variantes.

Na dita parcela J12 xa existe unha nave industrial destinada a almacén, para a cal se concedeu licenza de obra por resolución da alcaldía do 27.03.2020 (expte. 2020/U022/000007), e licenza de primeira ocupación na Xunta de Goberno Local do 13.09.2021 (expte. 2021/U007/000015).

No proxecto xustificouse o cumprimento dos parámetros urbanísticos da ordenanza, tendo en conta a edificación existente e a proxectada:

PARÁMETRO	PROXECTO SECTORIAL	PROXECTO
Usos permitidos	Industrial	Industrial
Aliñación	A indicada nos planos de ordenación	Cumpre
Superficie mínima parcela	5.000 m ²	10.278 m ²
Recuamento mín. a Lindeiro Frontal	10 metros	>10 metros
Recuamento mín. a Lindeiro de Fondo	10 metros	>10 metros
Recuamento mín. a Lindeiro Lateral	10 metros	>10 metros
Altura máxima edificación	12,00 m (B+1)	<12,00 m
Edificabilidade	0,7 m ² / m ² (7.194,60 m ²)	<0,70 m ² /m ²
Ocupación	50% (5.139 m ²)	< 50%

Prevense 4 prazas novas de aparcamento no interior da parcela.

A urbanización da rúa á que da fronte as edificacións xa está completa, polo que para garantir a reposición dos elementos que se poidan ver afectados polas obras, tanto no relativo á pavimentación como ós servizos, tendo en conta a área que se pode ver afectada directamente e dado que se trata dunha parcela cun fronte superior a 20 metros establécese un aval de 4.000 € (cálculo: 200,00 €/ml x 20,00 ml =4.000,00 €).

Respecto da acreditación da superficie da parcela, o promotor achega copia da escritura de agrupación da parcela na que figura unha superficie de 28.680 m².

No catastro a parcela figura con 5 referencias catastrais:

- 5777910NH2857N0001ZA
- 5776111NH2857N0001HA
- 5776109NH2857N0001WA
- 5776101NH2857N0001XA
- 5776108NH2857N0001HA

Segundo o establecido no artigo 33 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, someteranse a avaliación de incidencia ambiental as actividades ás cales non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei. Trátase dunha actividade excluída do trámite de avaliación de incidencia ambiental previsto na Lei 9/2013, xa que se trata dun almacén. Tampouco se encontra no ámbito de aplicación da normativa sobre avaliación ambiental (*Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*).

A arquitecta e a enxeñeira municipais informaron, con data 12/07/2024, de xeito favorable a documentación presentada, facendo constar que se cumpren os parámetros urbanísticos indicando o seguinte respecto da normativa sectorial aplicable.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

No que respecta á protección contra o lume, no proxecto xustifica o RD 2267/2004, clasifica o edificio como tipo C edificio exento dentro da parcela, cun nivel de risco alto e factor 8 en función da carga de lume calculada.

A edificación proxectada dispón dunha fachada totalmente aberta polo que permite a saída dende calquera punto. Os percorridos de evacuación non superan os 50 m e a ocupación máxima prevista é de 3 persoas. Segundo o plano de instalacións do proxecto, prevese instalar extintores e sistema manual de alarma. Conforme ao proxecto no recinto industrial existe unha rede de hidrantes que cubren as instalacións, aínda que se aclara que para a edificación obxecto de licenza non sería preciso.

En relación coa accesibilidade, no proxecto faise referencia a que se trata dunha edificación industrial cun número de traballadores inferior a 50, polo que non sería esixible o seu cumprimento.

No relativo aos ruídos e vibracións xerados, no proxecto faise referencia ao cumprimento do DB HR, e ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Con respecto ao HE4, non está prevista instalación de auga quente sanitaria.

No proxecto xustifícase o RD 656/2017, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos, segundo o cal será precisa a comunicación de posta en servizo das instalacións ante o órgano competente da Comunidade Autónoma (artigo 3).

II.3.-Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1 establece que as licenza outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/U022/000049, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA para a construción dunha nave de uso industrial destinada a almacenaxe de produtos químicos, na parcela J12 do Parque Empresarial de Bértoa, segundo o proxecto técnico presentado e coas seguintes condicións:

1.- AVAL DE GARANTÍA DE DANOS E CONSERVACIÓN DE URBANIZACIÓN

Deberanse reparar os desperfectos orixinados durante o transcurso das obras. Para garantir a reposición dos elementos que se poden ver afectados, tanto no relativo á pavimentación e mobiliario como ós servizos, tendo en conta a área que se pode ver afectada directamente e a calidade dos materiais existentes na urbanización, fíxase un AVAL de 4.000 euros. No seu momento, autorizarase a devolución ou cancelación do aval unha vez obtida a licenza de primeira ocupación do proxecto.

2.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

INICIO DAS OBRAS: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

FINALIZACIÓN DAS OBRAS: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da Licenza de obras.

3.-REDE VIARIA

Deberase respectar a zona de 0,5 m denominada “*terrizo*” segundo o plano denominado “Rede viaria- Secciones tipo” do Proxecto Sectorial, tendo en conta que esta zona é parte da rede viaria. Esta zona non será pavimentada senón que recibirá un tratamento segundo as indicacións da Oficina Técnica Municipal.

4.- URBANIZACIÓN INTERIOR

Urbanizaranse de forma completa os espazos interiores das parcelas non ocupados pola edificación, pavimentándose adecuadamente os espazos de acceso, aparcamento e manobra, tratándose o restante con xardinería, prohibíndose en todos eles o verquido de desperdicios, e en xeral, todo o que poida danar a estética do parque.

5.- ACOMETIDAS A SERVIZOS URBANÍSTICOS

As acometidas aos servizos urbanísticos deberanse executar nas arquetas existentes previstas no proxecto de urbanización do polígono industrial.

6.- OBRIGA DE TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS

No caso de que se produzan augas residuais no interior da nave ou da parcela, estas deberán ser depuradas convenientemente antes de ser evacuadas á rede xeral de saneamento.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

O establecemento procederá á inscrición ou obter as correspondentes autorizacións, de selo caso, das instalacións suxeitas a regulamentos de seguridade industrial: instalación eléctrica, instalación de protección contra incendios, almacenamento de produtos químicos... As instalacións someteranse ás correspondentes inspeccións e/ou revisións iniciais e periódicas que sexan de aplicación.

8.- INICIO DA ACTIVIDADE:

Unha vez rematadas as obras, de forma simultánea ou posterior á solicitude de licenza de primeira ocupación, e antes de ser ocupada a construción, presentará comunicación previa para o inicio da actividade segundo o previsto no artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. No desenvolvemento da actividade deberá cumprir coas seguintes condicións técnicas de carácter particular:

- Debe cumprir co establecido na normativa sobre protección contra a contaminación acústica e en ningún caso se producirán ruídos que superen os valores de recepción establecidos na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e no seu regulamento de desenvolvemento, e no Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (ou normas que as substitúan).
- Ningunha instalación, construción, modificación, ampliación ou traslado de calquera tipo de emisor acústico poderá ser autorizado, aprobado ou permitido, se incumpre o previsto na lei e nas súas normas de desenvolvemento en materia de contaminación acústica. Garantírase o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído establecidos na normativa acústica.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

- Deberá cumprir o indicado no Regulamento do servizo de verquidos ao saneamento, e uso do mesmo de Carballo.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao Concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas. Xestionaranse axeitadamente os residuos tendo en conta a recollida selectiva de lixo, polo que deberá dispor de contenedores selectivos para cada un deles.
- Contará coa comunicación de posta en servizo das instalacións de almacenamento de produtos químicos dirixida á consellería competente en materia de industria, conforme ao RD 656/2017.
- Contará coa inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicitara autorización de produtor de residuos perigosos no caso de superar esta cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG núm. 124, do 29 de xuño de 2005).
- Deberá comunicar calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade (incluso no que respecta ao número de operarios).

9.- REGULARIZACION CATASTRAL

A parcela (agrupada) descrita no documento de propiedade non coincide coa situación parcelaria que figura no Catastro polo que o deberase proceder a súa regularización catastral.

**7.3.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar de A Piña, parroquia de Sofán.
Expediente: 2024/U022/000002.**

EXPEDIENTE: 2024/U022/000002
SOLICITANTE: Ana María Queijeiro Bello
ASUNTO: Construción de vivenda unifamiliar
SITUACIÓN: Lugar A Piña, Sofán
REX. ENTRADA: 2024999000000115 de data 10/01/2024
REF. CATASTRAL: 15019A105001340000JT
REDACTOR PROX: Alejandro García Rodríguez (arquitecto)
DIRECTOR OBRA: Alejandro García Rodríguez
DIRECTOR EXEC: Ivan Gestal Corral (arquitecto técnico)
COORDINADOR S.S: Ivan Gestal Corral
PEM: 102.331,32 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (75.000,00 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar presentada con data 10/01/2024 (rexistro de entrada 2024999000000115), acompañada da seguinte documentación:

- Proxecto básico asinado polo arquitecto Alejandro García sen visado colexial.
- Certificación catastral da parcela.
- Folla de estatística de edificación e vivenda.
- Nomeamento de director de obra.

2.- Requirimento de documentación do 15/01/2024 (rexistro de saída 2024000000000232).

3.- Solicitud para completar documentación presentada no concello o 29/01/2024 (rexistro de entrada 202499900000470), acompañada da seguinte documentación:

- Xustificante da presentación da solicitud de autorización a Patrimonio Cultural.
- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

- Nomeamento de director de execución material.
- Compromiso de urbanización dos terreos situados fora da aliñación .
- Proxecto básico, modificado, asinado polo arquitecto Alejandro García, sen visado colexial.

4.- Solicitud para completar documentación do 15/03/2024 (registro de entrada 202499900001377) acompañada de certificación rexistral.

5.- Solicitud para completar documentación do 22/05/2024 (registro de entrada 202499900002807) acompañada da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

6.- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, recibida o 22/05/2024 (registro de entrada 202400000002949).

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitude de licenza refírese a construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa, nunha parcela situada no lugar da Piña, na parroquia de Sofán, de Carballo.

A vivenda proxectada conta en planta baixa con salón-comedor-cociña, un dormitorio e un "cuarto de piano", un baño e lavandería. Proxéctase un trasteiro exterior á vivenda. A vivenda conta cun espazo a modo de patio interior denominado "gatera" e unha zona de entrada cuberta.

As superficies son as seguintes:

- Superficie construída da vivenda 113,40 m².
- Superficie de zonas exteriores cubertas 106,45 m²
- Superficie construída do trasteiro 5,70 m²

- Altura da edificación 2,85 metros (ao beirado de cuberta)

A parcela conta con muro de cerramento existente situado na aliñación, segundo figura no proxecto e cunha altura inferior a 2,00 metros.

A vivenda sitúase sobre unha parcela de forma sensiblemente rectangular cunha superficie bruta de 1.001,00 m². Linda polos ventos norte e sur con viais de titularidade pública.

Segundo a documentación técnica a parcela conta con rede de saneamento municipal e enerxía eléctrica, e o abastecemento realízase mediante un pozo existente na parcela.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxecta a construción está en solo clasificado como **solo de núcleo rural**, (ordenanza 2, vivenda familiar en núcleo rural común).

O PXOM vixente trátase dun planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas*

áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

ALIÑACIÓNS e CESIÓN AO VIARIO:

A parcela ten unha parte situada fora da aliñación establecida no PXOM que constitúen terreos de cesión obrigatoria para a regularización do viario. Esta superficie de cesión é de 93,64 m², quedando unha superficie neta de parcela de 907,36 m².

As principais condicións urbanísticas de aplicación son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.
- Parcela mínima edificable: 1.000 m² a efectos de novas parcelacións.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 15 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta (**362,94 m²**)
- Edificabilidade: 0,40 m²/m² (**362,94 m²**)
- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado o 01/07/2024, indicando que a vivenda proxectada cumpre con as condicións urbanísticas, non superando nin a ocupación nin a edificabilidade máxima, ten unha altura inferior a 7 metros e respecta a distancia mínima de 3 metros de recuado ás parcelas lindeiras.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto xustificase o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

A vivenda proxectada sitúase na contorna de protección de varios elementos incluídos no catálogo de bens do PXOM, identificados como AR1702 Capela de Santo Adrián da Piña, con protección integral e ER 1704 Cruceiro de Santo Adrián, con protección integral.

Conta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 20/05/2024, na que se autorizan as obras coas seguintes condicións:

"En consecuencia, infórmase favorablemente a intervención condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos: as cores das fachadas e carpinterías exteriores axustarase ás definidas no Tomo IX da Guía de cor e materiais de Galicia editada pola Xunta de Galicia (GAP Chairas e fosas occidentais)"

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás da vía xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao disposto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1 establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/U022/000002, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- ACEPTAR A CESIÓN DO TERREO situado fóra das aliñacións establecidas no PXOM para a regularización do viario situado no lindeiro norte da parcela, que se corresponde cunha superficie de 93,64 m² quedando unha superficie neta de parcela en solo de núcleo rural de 907,36 m², en cumprimento do deber de cesión obrigatoria e gratuíta que establece o artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para destinar a viario público. Coa licenza entenderase autorizada a segregación do terreo obxecto de cesión, que deberá formalizarse en escritura pública e presentar unha copia da mesma no Concello de Carballo, no prazo de 6 meses.

Segundo.- CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa no lugar A Piña, na parroquia de Sofán, de Carballo, segundo o proxecto presentado e o resto de documentación achegada, e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXION COAS REDES EXISTENTES.

O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. As obras de acometida, urbanización e edificación poderán executarse de forma simultánea. Deberase rasantear e pavimentar o fronte da parcela con características similares á vía existente.

3.- MOVEMENTO DE TERRAS E RECHEOS

En aplicación do artigo 327 do PXOM, en solo de núcleo rural prohibese a modificación da topografía natural do terreo, en especial a pendente natural do mesmo de forma que o movemento de terras sexa o mínimo necesario para a correcta execución do volume edificado. Neste senso prohibense os movementos de terras e recheos na parcela non contemplados no proxecto técnico presentado.

4.- PATRIMONIO CULTURAL.

Deberase dar cumprimento á condición que figura na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

“as cores das fachadas e carpinterías exteriores axustarase ás definidas no Tomo IX da Guía de cor e materiais de Galicia editada pola Xunta de Galicia (GAP Chairas e fosas occidentais)”

5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN.

Deberase presentar o correspondente proxecto de execución, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional, que deba ser aprobado antes do inicio das obras.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación da vivenda acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

7.4.- Acondicionamento de parcela, conservación de hórreo e demolición de anexo no lugar de Cambre número 8, parroquia de Lema. Expediente: 2024/U022/000014.

EXPEDIENTE: 2024/U022/000014
SOLICITANTE: Gustavo Alberto Castro Sambade.
ASUNTO: Acondicionamento de parcela, conservación de hórreo e demolición de anexo.
SITUACIÓN: Lugar de Cambre núm. 8, parroquia de Lema.
REX. ENTRADA: 2024999000000838 de data 15/02/2024.
REF. CATASTRAL: 4826911NH2972N0001DI.
REDACTOR PROX: Xoan B. Albores Tajés (arquitecto).
PEM: 21.500,00 € s/ proxecto técnico presentado.

I.- Antecedentes.

1.- Comunicación previa de obras de desmontaxe dunha edificación auxiliar e acondicionamento de parcela presentada o 19/05/2023 (registro de entrada 202399900002355) por Gustavo Alberto Castro Sambade.

2.- Solicitud de licenza para obras de abancalamiento e acondicionamento de parcela, conservación dun hórreo e demolición de construción auxiliar, presentada con data 15/02/2024 (registro de entrada 2024999000000838) acompañada da seguinte documentación:

- .- Memoria técnica valorada asinada polo arquitecto Xoan B. Albores Tajés.
- .- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

O promotor solicita licenza para acondicionar unha parcela, demoler unha edificación auxiliar existente e realizar obras de conservación e mantemento dun hórreo existente na parcela situada no lugar de Cambre, núm. 8 na parroquia de Lema, de Carballo.

As obras sitúanse sobre unha parcela que ten unha superficie, segundo información catastral, de 4.429 m² e sobre a que existen varias construcións, segundo a documentación técnica (unha vivenda, un hórreo, dous cobertizos e vestixios dun tercer cobertizo).

As obras de acondicionamento están destinadas a facer unha serie de muretes de formigón armado para configurar unha serie de socalcos para salvar a pendente natural da parcela, e segundo o proxecto, destinaranse a zonas de xardín, arborado e unha zona de acceso a vehículos e aparcadoiro. Os muros teñen unha altura entre 1 e 1,5 metros.

A edificacións a demoler trátase de construcións tipo almacén executada en fábrica de bloques de formigón, identificadas na documentación técnica como cobertizo 1 de 23,50 m² e cobertizo 2 de 9,00 m².

As obras proxectadas sobre o hórreo son as de eliminación da estrutura de formigón executada sobre a escaleira, limpeza da cantería, limpeza e pintura da porta.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxectan as obras está en solo clasificado en parte como slo de núcleo rural (ordenanza 1, vivenda familiar en núcleo rural histórico-tradicional), e parte en solo rústico. O PXOM vixente trátase dun planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que:

c) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo rústico aplicaráselle o disposto na presente Lei para o solo rústico.

Tanto o hórreo como os cobertizos están situados dentro da parte clasificada como solo de núcleo rural. O hórreo obxecto das obras é dun ben incluído no Catálogo de Bens do PXOM, de acordo a M.P. número 5 coa referencia **H 10014**.

Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se autorizan as obras coa seguinte condición:

En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a esta Xefatura Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente as obras executadas e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con data 09/07/2024, indicando que as obras descritas na documentación técnica están permitidas pola normativa urbanística, e con respecto ás obras de movemento de terras e execución dos bancais son usos permitidos en solo rústico de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao disposto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1 establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expte. 2024/U022/000014, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para movemento de terras, execución de socalcos, demolición de construción auxiliar e conservación e mantemento do hórreo existente na parcela situada no lugar de Cambre, núm. 8, na parroquia de Lema, de Carballo, segundo a documentación técnica presentada e o resto de documentación que figura no expediente e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

- Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.
- Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- AUTORIZACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL

Deberase dar cumprimento á condición que figura na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural “En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a esta Xefatura Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente as obras executadas e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.”

3.- MOVEMENTO DE TERRAS E RECHEOS.

En aplicación do artigo 327 do PXOM, en solo de núcleo rural prohibese a modificación da topografía natural do terreo, en especial a pendente natural do mesmo de forma que o movemento de terras sexa o mínimo necesario para a correcta execución dos muretes proxectados. Neste senso prohibense os movementos de terras e recheos na parcela non contemplados no proxecto técnico presentado.

7.5.- Substitución de cuberta en edificación existente no lugar de San Mamede número 3, parroquia de Ardaña. Expediente: 2023/U022/000084.

EXPEDIENTE: 2023/U022/000084.
SOLICITANTE: Alicia Puga Varela
ASUNTO: Substitución de cuberta en edificación existente
SITUACIÓN: Lugar San Mamede, núm. 3, Ardaña
REX. ENTRADA: 202399900004562 de data 26/09/2023
REF. CATASTRAL: 001300300NH28B0001OE e 001300300NH28B0000IW
REDACTOR PROX: María Belen Ramos Costa (arquitecto técnico)
DIRECTOR OBRA: María Belen Ramos Costa (arquitecto técnico)
COORDINADOR S.S: María Belén Ramos Costa
PEM: 8.727,23 € s/ proxecto técnico presentado

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para a substitución da cuberta nunha edificación existente situada no Lg. San Mamede, na parroquia de Ardaña, presentada con data 26/09/2023 (registro de entrada 202399900004562) acompañada de nomeamentos de director de obra e de coordinador de seguridade e saúde.

2.- Requirimento de documentación do 29/09/2023 (registro de saída 202300000006386).

3.- Requirimento de documentación do 22/11/2023 (registro de saída 202300000005797).

4.- Solicitud para completar documentación presentada con data 22/11/2023 (registro de entrada 202399900005797) acompañada de:

- Proxecto técnico asinado pola arquitecta técnica María Belén Ramos Costa visado polo colexio profesional.
- Documento acreditativo da titularidade (copia do recibo do IBIU)

5.- Requirimento de documentación do 22.11.2023 (registro de saída 202300000007973).

6.- Solicitud para completar documentación do 09/05/2024 (registro de entrada 202400000002725) acompañada da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitude de licenza refírese ás obras de substitución do cerramento de cuberta dunha construción auxiliar existente, de planta baixa, usada como almacén e cuberto para garaxe.

As obras descritas son de retirada da cuberta de tella e a estrutura de madeira e a colocación dunha nova subestrutura de viguetas prefabricadas de formigón, planchas onduladas de fibrocemento e cuberta de tella.

As novas viguetas apóianse nos muros existentes de mampostería de pedra e fábrica de bloque de formigón. Non se contempla nin cambio de uso da edificación nin modificación da súa superficie.

Sobre a parcela existen na actualidade varias edificacións, unha delas destinada a vivenda de dúas plantas, e tres construcións auxiliares de planta baixa, sendo a superficie total construída de 431,00 m². A superficie da edificación obxecto de reforma é de 83,41 m².

Segundo o proxecto técnico presentado, a parcela correspóndese con dúas referencias catastrais 001300300NH28B0001OE e 001300300NH28B0000IW que suman entre as dúas unha superficie de parcela de 3.485,00 m², con fronte ao viario polo vento norte.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo (PXOM), aprobado pola Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxectan as obras está en solo clasificado en parte como **solo de núcleo rural**, dentro da delimitación de núcleo rural común en grao 1 (ordenanza 2.1) e en parte como solo rústico. A edificación obxecto das obras está situada completamente dentro do ámbito do solo de núcleo rural.

O PXOM vixente é un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas establecidas na ordenanza do PXOM para o solo de núcleo rural son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada
- Uso principal: residencial en vivenda familiar
- Parcela mínima edificable: 500 m², admítense edificación sobre parcela existente
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 10 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta
- Edificabilidade: 0,50 m²/m²
- Aliñacións: as indicadas nos planos
- Recuamentos a lindeiros con outras parcelas: 3,00 metros. Permítense o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado

A arquitecta municipal informou de xeito favorable o proxecto presentado con data 28/06/2024, indicando que se trata de obras permitidas polo planeamento vixente consistentes na reforma da cuberta dunha edificación auxiliar existente, que non supoñen aumento de volume nin de superficie nin tampouco cambio de uso. A edificación está situada dentro das aliñacións establecidas no PXOM.

A edificación obxecto das obras está situada dentro da contorna dun ben incluído no Catálogo de Bens do Plan Xeral, identificado como **Hórreo H-02046**. Consta no expediente a autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 09/05/2024 pola que se autorizan as obras coa condición de que "as cabezas das viguetas non poderán ser visibles dende o exterior da edificación debendo quedar ocultas polo cerramento onde se apoian".

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da Lei 2/2016 trátase dun acto sometido a previa licenza municipal. O artigo 143.1, do mesmo texto legal, establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023, de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expte. 2023/U022/000084, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA para as obras de reforma da cuberta do edificio situado no Lg. San Mamede, núm. 3, de Carballo, segundo o proxecto técnico e o resto de documentación presentada e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

.- Inicio das obras: no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obra.

.- Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- AUTORIZACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL.

Deberanse respectar as condicións que figuran na resolución do 26/05/2024 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural: "as cabezas das viguetas non poderán ser visibles dende o exterior da edificación debendo quedar ocultas polo cerramento onde se apoian"

7.6.- Reforma de vivenda unifamiliar e anexo no lugar de O Castelo número 36, parroquia de Lema. Expediente: 2024/U022/000039.

EXPEDIENTE: 2024/U022/000039
SOLICITANTE: Ana Becerril de Santa Cirila e Victor Noriega Concepción
ASUNTO: Reforma de vivenda unifamiliar e anexos
SITUACIÓN: Lugar O Castelo 36, parroquia de Lema
REX ENTRADA: 202499900003091 de data 04/06/2024
REF. CATASTRAL: 9118803NH2991N0001FX
REDACTOR PROXECTO: Pablo García Carrillo (arquitecto)
DIRECTOR OBRA: Pablo García Carrillo
PEM: 63.481,13 s/ ordenanza fiscal núm. 4 (65.498,70 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Comunicación previa para a realización de obras nunha vivenda existente situada no Lg. Castelo, núm. 36, na parroquia de Lema, en Carballo, presentada o 22/05/2024 co número de rexistro de entrada 202499900002832 (Expediente: 2024/U026/0000215).

2.- Requirimento de documentación do 31/05/2024 (rexistro de saída 202400000003350)

3.- Solicitud de licenza para a reforma dunha vivenda unifamiliar e anexo no emprazamento indicado, presentada o 04/06/2024 (rexistro de entrada 202499900003091 e 3092), e acompañada de:

- .- Memoria descriptiva, construtiva e urbanística, planos do proxecto, medición e presuposto, estudio básico de seguridade e saúde, anexos, prego de condicións, control de calidade, memoria de xestión de residuos. Asinado polo arquitecto Pablo García Carrillo e visado polo colexio profesional (núm. de visado 2402929,2)
- .- Folla de estatística de edificación e vivenda
- .- Documento acreditativo da titularidade do inmovible
- .- Nomeamento de director de obra

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitud de licenza refírese ás obras de reforma dunha vivenda de tipoloxía tradicional existente, de plantas baixa e alta, configurada en dous volumes que ten muros perimetrais en mampostería, o forxado horizontal nun dos volumes é en formigón e o outro formado por un entramado de madeira. A cuberta é a dúas augas.

As obras proxectadas contemplan unha reforma das plantas baixa e alta sen afectar á estrutura, e segundo se describe no proxecto, executarase unha soleira ventilada en planta baixa e manteranse os forxados, modificándose unicamente o oco das escaleiras, cegando o oco existente con entramado de madeira e eliminando dúas viguetas para formar o novo oco; ademais, mantense a cuberta colocando sobre a existente un acabado en tella cerámica curva.

As obras non alteran a configuración arquitectónica da edificación, nin o volume, nin o sistema estrutural, mantendo o uso da edificación de vivenda.

Proxéctase unha nova redistribución dos espazos, novos acabados e instalacións, e no exterior está prevista unha pérgola pegada á vivenda.

Logo da reforma a vivenda queda configurada con salón, comedor e cociña, un aseo en planta baixa e dous dormitorios e un baño en planta alta.

As superficies son as seguintes: planta baixa 93,12 m², planta alta 77,62 m². Total superficie construída 170,74 m².

A parcela ten unha superficie de 756 m², con fronte á vía pública polos ventos norte e sur (estrada de titularidade provincial), e segundo o proxecto técnico presentado conta con abastecemento de auga, rede de saneamento e enerxía eléctrica.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxectan as obras está en solo clasificado como **solo de núcleo rural**, dentro delimitación de núcleo rural histórico tradicional (ordenanza 1). A edificación obxecto das obras está situada dentro da aliñación. Non obstante a parcela polo seu vento sur ten unha parte situada fora da aliñación.

O PXOM vixente trátase dun planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas establecidas na ordenanza do PXOM para o solo de núcleo rural son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada
- Uso principal: residencial en vivenda familiar
- Parcela mínima edificable: 500 m², admítense edificación sobre parcela existente
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 10 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta
- Edificabilidade: 0,50 m²/m²
- Aliñacións: as indicadas nos planos
- Recuamentos a lindeiros con outras parcelas: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con data 26/06/2024, indicando que a edificación destinada a vivenda está dentro da aliñación establecida no plano de ordenación do PXOM e que as obras descritas son de reforma da edificación existente, non alterando nin o uso, nin a volumetría, nin o sistema estrutural.

Segundo consta no informe técnico, non se supera a superficie de ocupación en planta nin a edificabilidade. A vivenda ten unha altura ao beirado inferior a 7 metros, e as obras proxectadas non contemplan nin modificación do volume nin da superficie construída.

Con respecto ás condicións estéticas en solo de núcleo rural histórico tradicional, os muros mantéñense en mampostería e a cuberta proxéctase a acabada en tella cerámica, polo que se trata, polo tanto, de obras permitidas pola normativa urbanística.

A arquitecta municipal indica tamén no seu informe que no proxecto xustificase o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

A parcela ten unha parte situada fora da aliñación no lindeiro sur. As obras contempladas son de reforma sen alterar nin as superficies nin volumetría nin o sistema estrutural polo que non teñen a consideración dunha rehabilitación integral.

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e disponer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás do vial xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao establecido no art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal e o artigo 143.1, do mesmo texto legal, establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expte. 2024/U022/000039, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA para a reforma da vivenda e anexos situados no lugar de Castelo, núm. 36, na parroquia de Lema, de Carballo, segundo o proxecto presentado e resto de documentación que consta no expediente e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXION COAS REDES EXISTENTES. O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos no núcleo ou nas súas proximidades. Deberase pavimentar o fronte da parcela con características similares ao vial existente.

3.- DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS.

Deberase presentar o nomeamento do director de execución material da obra e coordinador de seguridade e saúde.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación da vivenda acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

7.7.- Reforma de vivenda e rehabilitación dun hórreo no lugar de A Cesta número 7, parroquia de Ardaña. Expediente: 2024/U022/000035

EXPEDIENTE: 2024/U022/000035.

SOLICITANTE: María Carmen Lorenzo Bértoa

ASUNTO: Remodelación de vivenda unifamiliar e rehabilitación de hórreo

SITUACIÓN: Lugar A Cesta 7, parroquia Ardaña

REX. ENTRADA: 202499900002777 de data 21/05/2024

REF. CATASTRAL: 4906107NH2840N0001OE

REDACTOR PROX: José Ramón López Calvo (arquitecto)

DIRECTOR OBRA: José Ramón López Calvo

COORDINADOR S.S: José Ramón López Calvo

PEM: 89.117,60 s/ ordenanza fiscal núm. 4 (85.00,00 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Comunicación previa de obras presentada por María del Carmen Lorenzo Bértoa con data 07/02/2022 (registro de entrada 202299900003676) para a realización das obras de renovación de fachadas e cuberta nunha edificación existente (Expediente: 2022/U26/000359)

- 2.- Decreto da alcaldía de data 18/01/2023 polo que se ordena la paralización das obras por estar en curso de execución e non contar con título habilitante, que consta no expediente de inspección urbanística 2022/I002/000064.
- 3.- Solicitud de licenza para a reforma da vivenda e rehabilitación de hórreo presentada o 21/05/2024 (registro de entrada 202499900002777), con autorización para a descarga do servidor do COAG o proxecto visado núm. 2402672, traballos 2, 3 e 4 (proxecto básico, nomeamento de director de obra e coordinador de seguridade e saúde) e acompañada de:
 - .- Documentación acreditativa da titularidade da parcela
 - .- Ficha do Catálogo de Bens do PXOM
 - .- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 20.03.2024 na que se autorizan as obras solicitadas coas condicións que figuran no informe técnico
 - .- Resolución de Augas de Galicia do 26/04/2024, pola que se autorizan as obras solicitadas
- 4.- Requirimento de documentación do 05/07/2024 (registro de saída 202400000004128)
- 5.- Solicitud para completar documentación presentada con data 10/07/2024 (registro de entrada 202499900003912), e acompañada de plano e detalle do cerramento da parcela.
- 6.- Con data 19/07/2024, registro de entrada 202490000004670, foi comunicada resolución da directora de Augas de Galicia, asinada o 26/04/2024, pola que se resolve autorizar as obras de peche, instalación de pérgola e rehabilitación dunha vivenda, anexos e hórreo no lugar da Cesta, parroquia de Ardaña (Clave: DH.W15.95039), coas condicións que se indican na mesma.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

O interesado solicita licenza para a reforma dunha vivenda existente e a rehabilitación dun hórreo na mesma parcela. As edificacións están situadas sobre unha parcela no núcleo rural de A Cesta, na parroquia de Ardaña, na que ademais da vivenda e do hórreo obxecto das obras, existe outra edificación auxiliar de planta baixa e restos dos muros de outra edificación de carácter tradicional.

A vivenda ten planta baixa e alta, e segundo datos catastrais, data do ano 1960. As obras proxectadas son unha remodelación interior sen modificar o volume da construción, e segundo a memoria do proxecto, non se modifica a posición dos forxados nin o número de estanzas da vivenda, e proxéctase ademais unha pérgola pegada pola fachada posterior. A superficie da vivenda e de 66,00 m² por planta.

Parte das obras (renovación das fachadas e cuberta con substitución das viguetas) foron obxecto dunha comunicación previa de obras presentada o 07/02/2022, e o resto das obras de reforma interior da edificación, modificando as divisións, instalacións e acabados son obxecto deste proxecto así como a execución da pérgola na parte posterior.

No hórreo proxéctase a rehabilitación mantendo as características da construción e a eliminación dun lavadoiro pegado a un dos testeiros. Trátase dun hórreo pechado en planta baixa. A superficie do hórreo é de 26,20 m² por planta.

O proxecto contempla a construción dun cerramento no lindeiro posterior da parcela con malla metálica a unha distancia de 4 metros dende o eixo da vía.

A parcela ten unha superficie, segundo a información catastral, de 3.227 m², é de forma irregular e linda con dúas vías de titularidade pública polos ventos este e noroeste.

Segundo a documentación gráfica, a parcela conta con rede de saneamento e o abastecemento realízase dende un pozo existente.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxecta a construción está en solo clasificado en parte como solo de núcleo rural, e en parte como solo rústico. A vivenda está situada dentro da parte clasificada como solo de núcleo rural, dentro da delimitación de núcleo rural histórico tradicional (ordenanza 1).

A parcela e as edificacións están situadas dentro das aliñacións establecidas no plano de ordenación do PXOM. A parte clasificada como solo de núcleo rural histórico tradicional ten unha superficie neta de 1.703 m².

O PXOM vixente é un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas establecidas na ordenanza do PXOM son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.
- Parcela mínima edificable: 500 m², admítese edificación sobre parcela existente de menor superficie.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 10 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta
- Edificabilidade: 0,50 m²/m²
- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros con outras parcelas: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con data 10/07/2024, indicando que as obras descritas consisten na reforma da vivenda existente, sen modificar o uso nin o volume construído, e con respecto ás condicións estéticas en solo de núcleo rural histórico tradicional,

a vivenda proxéctase con acabado enfoscado e pintado en cor branca e a cuberta a dúas augas acabada en tella cerámica, polo que se trata de obras permitidas pola normativa urbanística.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto xustificase o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

Protección de Patrimonio.

As edificacións obxecto das obras están situadas na contorna de protección de varios bens catalogados, identificados como "conxunto de arquitectura popular na Cesta" coa referencia CP 0204.

Por outra banda, o hórreo sobre o que se proxecta a rehabilitación, constitúe un ben catalogado identificado coa referencia CP0205 e na modificación MP 5 do PXOM identifícase como CP02046.

Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 02/03/2024 na que se autorizan as obras segundo a última proposta achegada, e na que se fai referencia como antecedentes a unha resolución anterior do mesmo órgano, de 01/07/2023, na que se concluíu:

- 1. "Autorizar as obras na vivenda e edificación auxiliar, agás a instalación da bomba de calor, debéndose completar a documentación indicando exactamente onde se pretende situar.*
- 2. Non autorizar as obras de demolición das ruínas existentes, debéndose presentar un proxecto de consolidación das mesmas.*
- 3. Autorizar as obras de rehabilitación de hórreo coas condicións sinaladas no informe do Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Galicia da Coruña. En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención e no prazo máximo de seis meses, debe achegarse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha memoria descritiva que contará, polo menos, cunha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final e será redactada por profesional cualificado."*

Segundo a última documentación técnica presentada polo interesado, indícase que para evitar a visualización da unidade exterior da bomba de calor, situarase na esquina coa edificación auxiliar e plantarase unha fronte vexetal; que a consolidación das ruínas existentes na parcela serán obxecto dun proxecto independente e que se achegará memoria descritiva das obras realizadas no hórreo unha vez rematadas.

En base a esta última documentación, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolveu autorizar as obras coa seguinte condición:

"Lémbrese a obriga de conservar os bens catalogados polo que deben adoptar, no seu caso, as medidas oportunas para consolidar as ruínas e evitar o avance do seu deterioro en tanto se redacte, tramite e se executen as obras de consolidación ou rehabilitación das mesmas. En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberase enviar a esta Xefatura Territorial unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final."

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás do vial xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1, do mesmo texto legal, establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expte. 2024/U022/000035, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para a reforma dunha vivenda unifamiliar e a rehabilitación do hórreo, no lugar de A Cesta, núm. 7, na parroquia de Ardaña, de Carballo, segundo o proxecto presentado (visado 2402672,2) e o resto de documentación que consta no expediente, con particular referencia ás autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e coas seguintes condicións:

CONDICIÓNS PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: Dado que as obras teñen por obxectivo a legalización de dúas edificacións existentes, o prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2. CONEXIÓN COAS REDES EXISTENTES.

O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. As obras de acometida, urbanización e edificación poderán executarse de forma simultánea. Deberase pavimentar o fronte da parcela con características similares ao vial existente.

3. AUTORIZACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL E CONSOLIDACIÓN DOS RESTOS DA EDIFICACIÓN.

Deberase dar cumprimento as condicións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Non se permite a demolición das ruínas existentes na parcela debendo presentar un proxecto de consolidación das mesmas segundo consta na Resolución da DXPC do 10/07/2023.

O promotor ten a obriga, en tanto non se redacte, tramite e se executen as obras de consolidación ou rehabilitación, de conservar os bens catalogados e adoptar, no seu caso as medidas oportunas para consolidar as ruínas e evitar o avance do deterioro en aplicación dos artigos 32 da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio Cultural de Galicia” tendo en conta que segundo o artigo 131 desta mesma Lei, considérase infracción moi grave a destrución ou dano xeneralizado grave e irreparable dun ben declarado de interese cultural ou catalogado.

7.8.- Construción de cuberta en fosa de purín existente no lugar de Vilar do Carballo, parroquia de Oza. Expediente: 2024/U022/000053

EXPEDIENTE:	2024/U022/000053.
SOLICITANTE:	GRANJAS DE PORCINO GARDA, S.L.
ASUNTO:	Construción de cuberta en fosa de purín
SITUACIÓN:	Lugar Vilar do Carballo, Oza
REX. ENTRADA:	202499900003207 de data 08/06/2024
REF. CATASTRAL:	15019A237002660000EO
TÉCNICO:	Alberto Lamas Vázquez (enxeñeiro técnico agrícola)
PEM:	6.549,91 € (PEM proxecto)

I.- Antecedentes.

1.- Licenzas para o exercicio da actividade concedidas por Decreto da alcaldía do 01/12/2000 (Expte. Actividade molesta: 18/1998) e pola Xunta de Goberno Local do 16/08/2004.

2.- Licenza para ampliación de explotación de porcino para destete concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/10/2005 (Exptes: 115/2004-Obra maior e 224/2002-apertura).

3.- Licenza de obra maior e apertura concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 13/10/2008 (Exptes: 183/2008- Obra maior e 60/2008-Apertura).

- 4.- Acordo da Xunta de Goberno Local do 11/10/2020 pola que se concede licenza de primeira ocupación de ampliación de explotación porcina (Expte: 61/2010).
- 5.- Solicitud de licenza de obra para a construción de cuberta da fosa de purín existente presentada con data 08/06/2024 (Rex. Entr. 202499900003207).
- 6.- Requirimento de documentación de data 12/06/2024 (Rex. Saída 202400000003614).
- 7.- Solicitud para completar documentación presentada o 08/07/2024 (Rex. Entr. 202499900003871), acompañada de:
- .- Proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Alberto Lamas Vázquez, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 05/07/2024
 - .- Aceptación da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde
 - .- Documento de constitución da sociedade
 - .- Copia do DNI do interesado

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

Granjas de Porcino Garda, S.L. presentou, con data 08/06/2024, solicitude de licenza de obra de construción de cuberta na fosa de purín existente nas instalacións da explotación porcina situada no lugar de Vilar do Carballo, da parroquia de Oza, na parcela con referencia catastral 15019A237002660000EO.

Segundo o proxecto técnico presentado, a cuberta proxectada ten unha superficie de 93,45 m² (13,35 x 7,00 m²) e realizarase a estrutura de formigón sobre a que apoiará a cuberta de pranchas de fibrocemento. Non se prevé modificación da actividade existente.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo (PXOM), aprobado pola Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data.

Segundo esta normativa municipal, a parcela na que se sitúan as obras está en terreos clasificados como solo rústico de especial protección agropecuaria.

De acordo co determinado na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia (en adiante LSG):

“O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

(...)

d) ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.”

A explotación gandeira existente dispón de licenza municipal para a actividade, e segundo a LSG encádrase no punto h) do artigo 35 – Usos e actividades en solo rústico:

“h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais e instalacións apícolas.”

Ademais, é de aplicación o establecido na disposición transitoria cuarta da LSG, segundo a cal:

“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e forestal, así como as de primeira transformación de ambas, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións ata o dobre do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.”

A enxeñeira municipal informou de xeito favorable o proxecto presentado con data 11/07/2024, indicando que se trata dunha explotación gandeira existente, anterior á entrada en vigor da Lei 9/2002, polo que non sería necesario cumprir cos parámetros recollidos no artigo 39 da Lei 2/2016, agás no que respecta ao límite de altura. Aínda así, no proxecto xustificase o cumprimento destes parámetros urbanísticos no que respecta á parcela mínima, recuamentos, ocupación e altura (2,63 m < 7,00 m).

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da Lei 2/2016 trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1, do mesmo texto legal, establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023, de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 23/07/2024, no expte. 2024/U022/000053, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA para as obras de construción da cubrición dunha fosa de purín, na explotación porcina existente situada no lugar de Vilar do Carballo, na parroquia de Oza, coas seguintes condicións:

CONDICIÓNS PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

.- Inicio das obras: no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obra.

.- Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN, en virtude do artigo 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia:

.- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

.- Manterase o estado natural dos terreos ou, alternativamente, introducirase a plantación de arboredo ou especies vexetais, en todo caso mediante solucións que impidan o selado do chan en, polo menos, a metade da superficie non ocupada da parcela.

7.9.- Corrección de erro no texto da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Requeixo, parroquia de Bértoa. Expediente 2022/U022/000099

EXPEDIENTE: 2022/U022/000099.
SOLICITANTE: Oscar Lorenzo Martínez.
ASUNTO: Construción de vivenda unifamiliar (emenda de erro na Ref. Catastro).
SITUACIÓN: Lugar de Requeixo s/n, Bertoa.
REX. ENTRADA: 2022999000004965 de data 21/11/2022, (202499900002654 de 13/05/2024 emenda de erro).
REF. CATASTRAL: 15019A242003620001RI (parcela agrupada formada polas parcelas 15019A242003010001RS e 15019A242003020001RZ sinaladas no proxecto técnico).
REDACTOR PROX: Noelia Ferreiro Bello (arquitecta).
DIRECTOR OBRA: Noelia Ferreiro Bello.
DIRECTOR EXEC.: Andrés Breijo Cotelo.
COORDINADOR S.S: Francisco Jesús Cobas Fernández.
PEM: 136.205,16 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (125.000,00 € s/ proxecto técnico presentado).

I.- Antecedentes.

1.- Licenza para construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lg. Requeixo, na parroquia de Bértoa, de Carballo, outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 27/02/2023.

2.- Con data 13/05/2024, rexistro 202499900002654, presentouse un escrito manifestando a existencia dun erro na referencia catastral na licenza concedida neste expediente e indicando que cando se solicitou a licenza estíbese levando a cabo unha agrupación das fincas, téndose rematado cunha nova parcela catastral en substitución das parcelas iniciais.

3.- Escrito presentado por Andrés Breijo Cotelo, en representación de Oscar Lorenzo Martínez con data 12/07/2024 e número de rexistro de entrada 202499900003961, solicitando unha nova corrección de erros na referencia catastral da licenza outorgada.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

Na Xunta de Goberno Local celebrada o 27/02/2023 outorgouse licenza para a construción dunha edificación destinada a vivenda unifamiliar no Lg. Requeixo, na parroquia de Bértoa, de Carballo.

Logo do escrito presentado polo interesado con data 13/05/2024, comprobouse a existencia dun erro material no documento da licenza ao incluír unha referencia catastral errónea, cando deberían figurar as referencias 15019A242003010001RS e 15019A242003020001RZ que identificaban a parcela agrupada na se proxectaba a vivenda que obtivo a licenza, e dado que dito proceso xa culminou cunha nova referencia catastral (15019A2422003620001RI), por acordo da Xunta de Goberno Local de 20/05/2024 corrixiuse o erro na referencia catastral da parcela.

O interesado presentou, con data 12/07/2024 un novo escrito no que indica que a referencia catastral da parcela é errónea.

O artigo 109 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas establece, no seu apartado 2º: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver a documentación do expediente, e considerando a existencia dun erro material de feito, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e

Mobilidade de 23/07/2024, no expte. 2022/U022/000099, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Rectificar o erro material observado no texto da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2023 (Expte: 2022/U022/000099), para a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg. Requeixo, na parroquia de Bértoa, de Carballo e, en consecuencia, modificar o texto no relativo á referencia catastral actual da parcela agrupada sinalada no encabezamento do documento da licenza, que onde dí "15019A2422003620001RI" debe dicir "**15019A242003620001RI**".

8.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

8.1.- Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar situada no lugar de Casas Novas número 30, parroquia de Berdillo. Expediente: 2022/U007/000035.

EXPEDIENTE: 2022/U007/000035
REX. ENTRADA: 202299900003815 de data 14/09/2022
202499900003185 de 07/06/2024
ASUNTO: Licenza de 1ª Ocupación de vivenda unifamiliar
SOLICITANTE: Garry McCullough
SITUACIÓN: Casas Novas nº 30, Berdillo
REF. CATASTRAL: 8751901NH2885S0001ZB
ARQUITECTO: Alfonso Vázquez López
ARQUITECTO TÉCN.: Juan Manuel Leis Mayán
EXPTE. LIC. OBRA: 123/2008 - X.G.L. 10/11/2008; 2019/U022/000108 (modificado) – X.G.L. 10/02/2020

I.- Antecedentes.

1.- Licenza para construción de vivenda no Lg. Casas Novas, na parroquia de Berdillo, outorgada mediante acordo da X.G.L. de 10/11/2008 (Expte:123/2008), e licenza para modificado do proxecto (aliñación PXOM), concedida por acordo do mesmo órgano o 10/02/2020 (Expte. 2019/U022/000108).

2.- Solicitud de Licencia Primeira Ocupación presentada con data 14/09/2022 (Rex. Entr. 202299900003815), acompañada de Certificado fin de obra, asinado arquitecto e arquitecto t., visado COATAC "VC081724 - 24/05/2022" e planos de estado final de obra (sen visado).

3.- Requirimento de documentación de data 08/03/2023 (Rex. Saída 202300000001610).

4.- Emenda de documentación (Rex. Entr. 202499900003185 - 07/06/2024):

- .- Certificado técnico cumprimento de normativa (anexo III da ordenanza 1ª ocupación).
- .- Certificado técnico de non deterioro urbanización (anexo IV da ordenanza 1ª ocupación).
- .- Fotografías da edificación (10 do interior e 5 do exterior-fachadas).
- .- Xustificante da inscrición do certificado de eficiencia enerxética no INEGA (IN413D/4662/23/R).
- .- Copia (dixital) da escritura de cesión de terreo outorgada diante do notario Carlos Andrés Mosquera Delgado o 04/07/23.

II.- Fundamentos xurídicos.

1.- A solicitude presentada ten por obxecto a obtención da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar formada por plantas semi-soto, baixa e planta de baixo-cuberta, que conta con licenza de obras, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/11/2008, con nº de expediente 123/2008, e un modificado de dita licencia en acordo da X.G.L. de data 10/02/2020, con nº de expediente 2019/U022/000108.

2.- A Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no DOG núm. 248 de 30/12/2022, modifica (entre outros) o artigo 142 da Lei 2/2016, do solo de Galicia substituíndo o réxime de licenza urbanística polo de comunicación previa para a primeira ocupación. Non obstante, de acordo co disposto na disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPCAP) os procedementos xa iniciados (como é este caso) antes da entrada en vigor da lei réxense pola normativa anterior (apartado a), en ausencia de previsións expresas establecidas nas correspondentes disposicións legais e regulamentarias (apartado e).

3.- O planeamento vixente no momento da licenza inicial (Expte: 123/2008), era o PXOM-2003, que clasificaba a parcela de emprazamento da vivenda como solo de Núcleo Rural, e no momento da modificación da licenza (Expte: 2019/U022/000108), o planeamento vixente era o actual PXOM-2016, que clasifica o solo de emprazamento como Núcleo Rural Común.

As aliñacións oficiais determinadas neste PXOM-16 motivaron o modificado da licenza, consistente dito modificado na nova configuración e superficie de cesión para viario derivada das aliñacións oficiais, polo que a licenza de obras concedida por acordo da X.G.L. de 10/02/2020, contemplaba unha cesión de terreo para regularización de viario, de 121,65 m².

O interesado documentou a cesión de terreo ó concello, de 121,65 m², conforme á licenza de obras mediante escritura pública de data 04/07/2023, ante o notario D. Carlos Andrés Mosquera Delgado, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, presentando no concello dita escritura (copia dixitalizada presentada electronicamente), o 07/06/2024 (Rexistro de entrada 202499900003185).

O remate da obra e o seu axuste ao proxecto técnico está certificado polos técnicos directores, presentándose o preceptivo certificado de final da dirección técnica, asinado polo arquitecto e o arquitecto técnico integrantes da dirección facultativa, con visado do COAATAC "VC081724 - 24/05/2022".

O arquitecto técnico municipal indica no seu informe que na visita de comprobación xirada o 19/06/2024 observouse que na fronte da parcela existen un peches de arame e vexetal de mirtos, e que dito peche está axustado á aliñación oficial grafada no PXOM-2016, e conclúe que non se apreciaron danos na urbanización do espazo ou viario público pre-existente no contorno da parcela. Indica tamen que na visita á obra observouse que a obra construtiva executada, apreciada en fachadas, volumetría aparente e obra vista exteriormente, está acabada e coincide sensiblemente có proxecto técnico que serviu de base ás Licenzas de Obras.

4.- A concesión das licenzas régulase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo. Conforme ao artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 (vixente cando se iniciou o expediente), trátase dun acto sometido a licenza municipal.

5.- A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de

competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, vistos os informes técnico e xurídico favorables, considerando que se cumpren os requisitos esixidos establecidos para o outorgamento da licenza de primeira ocupación, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expediente. 2022/U007/000035, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN para a construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lg. Casas Novas, núm. 30, na parroquia de Berdillo, de Carballo, conforme ao proxecto autorizado pola licenza concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/11/2008 (Expte: 123/2008), e para o proxecto modificado concedido polo mesmo órgano o 10/02/2020 (Expte: 2019/U022/000108), segundo a documentación técnica e o estado final da obra que consta no expediente tramitado.

9.- RESERVA DE ESPAZO PÚBLICO.

9.1.- Vao permanente na rúa Túnel número 21. Ampliación de lonxitude.

Foi vista a solicitude presentada polo interesado, Comunidade de propietarios rúa Túnel número 21, con CIF H15596547, na súa representación María Begoña Brandón Loureiro, NIF 79321684C, con rexistro de entrada 2024999000003905, de data 10/07/2024, para a modificación da lonxitude da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, vao permanente con número de placa municipal 256.

A licenza de reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, foi outorgada a nome da Comunidade, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 15.09.1997, para dous metros de lonxitude e sito no baixo número 21, da rúa Túnel.

Consta no expediente informe favorable emitido polo Servizo da Policía Local, con data 13.07.2024 e a conformidade do Técnico de Xestión e inspección tributaria e catastral de data 16.07.2024.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 18/07/2024, no expediente. 2024/X999/000704, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 256, de vao permanente, a tres metros de lonxitude e sito no número 21 da rúa Túnel, a nome da Comunidade de propietarios, con CIF H15596547.

Segundo.- Aprobar a liquidación número 00000014/2024, polo importe de 25,55 euros (do concepto 00041 da aplicación municipal de xestión de ingresos), a nome da Comunidade de propietarios rúa Túnel 21.

Terceiro.. Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención e á Brigada municipal de obras para proceder á modificación da reserva de espazo da placa municipal de vao permanente número 256.

9.2.- Vao permanente na rúa Nicaragua. Autorización.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

EXPEDIENTE: 2024/V008/000019
INTERESADO: Comunidade de Propietarios Costa Rica, 1
REXISTRO: 202400000004402 de data 11/07/2024
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Rúa Nicaragua
REF. CATASTRAL: 4849501NH2844N0001LW

Antecedentes e obxecto

A Comunidade de Propietarios presentou con data 11/07/2024, e número de rexistro de entrada no concello 202400000004402, solicitude de autorización para a colocación dun vao permanente de 5,00 m de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio situado na rúa Costa Rica, núm. 1, plantas baixa e soto, de Carballo.

Fundamentación

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña número 48, de 11 de marzo de 2019.

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régúlase a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal emitiu informe favorable con data 12/07/2024, no que indica que o edificio no que se sitúa o garaxe, situado nas rúas Brasil, Costa Rica e Nicaragua, conta con licenza de obras concedida, para o proxecto básico, por acordo da Xunta de Goberno Local do 28/01/2019, e por acordo do mesmo órgano aprobouse o proxecto de execución con data 01/03/2021 (Expte. 2018/U022/000103). Con data 21/12/2023 comunicouse a primeira ocupación do edificio, sobre o que consta informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 28/06/2024, en canto a que as obras descritas e certificadas como acabadas na documentación axústanse á normativa urbanística aplicable e que polo tanto constitúe título habilitante para a primeira ocupación das obras de construción do edificio para un total de 19 vivendas, 23 prazas de garaxe e 19 trasteiros (expte. 2023/U052/000039).

O uso garaxe e distribución de prazas xa estaba previsto no proxecto do edificio para o cal se concedeu licenza de obra. No expediente de comunicación de primeira ocupación das obras de construción do edificio, consta o certificado final de obra referido ás instalacións do garaxe e os certificados das instalacións executadas (electricidade e protección contra incendios), así como reportaxe fotográfica. Consta ademais certificado da instalación de ventilación.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

Aos efectos da comunicación previa de primeira ocupación do edificio, realizouse visita de comprobación ao edificio con data 08/01/2024, pola enxeñeira e o arquitecto técnico municipais.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable da enxeñeira municipal, de data 12/07/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/V008/000019, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 5 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do edificio situado na rúa Nicaragua, de Carballo (referencia catastral 4849501NH2844N0001LW).

9.3.- Vao permanente na rúa Mirtos número 14. Autorización.

EXPEDIENTE: 2024/V008/000015
INTERESADO: José Fernández Pombo
REXISTRO: 202400000003983 de data 01/07/2024
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Rúa Mirtos, núm. 14, baixo (con acceso polo número 16)
REF. CATASTRAL: 4650915NH2845S0001WR

Antecedentes e obxecto

O interesado solicitou, con data 01/07/2024, e número de rexistro de entrada no concello 202400000003983, autorización para a colocación dun vao permanente de 2,00 m de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do edificio situado na rúa Mirtos, núm. 14, baixo, de Carballo (con acceso polo número 16)

Segundo os datos da oficina virtual do Catastro, o edificio no que se sitúa o garaxe data do ano 1958.

Fundamentación

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña número 48, de 11 de marzo de 2019.

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régúlase a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal e o axente de inspección municipal xiraron visitas de comprobación ao garaxe con datas 5 e 16 de xullo de 2024, constatando que cumpre coas seguintes condicións:

- Dispón dun extintor portátil de 6 Kg de eficacia 21 A – 113 B e alumeado de emerxencia.
- A ventilación é permanente e prodúcese de xeito natural polas aberturas existentes na fachada
- A evacuación producírase a través de porta de eixe vertical que comunica co resto da edificación.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable da enxeñeira municipal, de data 16/07/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/V008/000015, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 2 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do edificio situado na rúa Mirtos, núm. 14, baixo, de Carballo (referencia catastral 4650915NH2845S0001WR).

9.4.- Vao permanente na rúa Brasil números 13-15. Autorización.

EXPEDIENTE: 2024/V008/000013
INTERESADO: Comunidade de Propietarios Costa Rica, 1
REXISTRO: 202490000004017 de data 14/06/2024
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Rúa Brasil, núm. 13-15
REF. CATASTRAL: 4849501NH2844N0001LW

Antecedentes e obxecto

A Comunidade de Propietarios presentou con data 14/06/2024, e número de rexistro de entrada no concello 202490000004017, solicitude de autorización para a colocación dun vao permanente de 9,00 m de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe situado na rúa Costa Rica, núm. 1, plantas baixa e soto, de Carballo.

Fundamentación

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña número 48, de 11 de marzo de 2019.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G007/000017

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régúbase a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal emitiu informe favorable con data 12/07/2024, no que indica que o edificio no que se sitúa o garaxe, situado nas rúas Brasil, Costa Rica e Nicaragua, conta con licenza de obras concedida, para o proxecto básico, por acordo da Xunta de Goberno Local do 28/01/2019, e por acordo do mesmo órgano aprobouse o proxecto de execución con data 01/03/2021 (expte. 2018/U022/000103). Con data 21/12/2023 comunicouse a primeira ocupación do edificio, sobre o que consta informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 28/06/2024, en canto a que as obras descritas e certificadas como acabadas na documentación axústanse á normativa urbanística aplicable e que polo tanto constitúe título habilitante para a primeira ocupación das obras de construción do edificio para un total de 19 vivendas, 23 prazas de garaxe e 19 trasteiros (expte. 2023/U052/000039).

O uso garaxe e distribución de prazas xa estaba previsto no proxecto do edificio para o cal se concedeu licenza de obra. No expediente de comunicación de primeira ocupación das obras de construción do edificio, consta o certificado final de obra referido ás instalacións do garaxe e os certificados das instalacións executadas (electricidade e protección contra incendios), así como reportaxe fotográfica. Consta ademais certificado da instalación de ventilación.

Aos efectos da comunicación previa de primeira ocupación do edificio, realizouse visita de comprobación ao edificio con data 08/01/2024, pola enxeñeira e o arquitecto técnico municipais.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable da enxeñeira municipal, de data 12/07/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 19/07/2024, no expte. 2024/V008/000013, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 9 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do edificio situado na rúa Brasil, núm. 13-15, de Carballo (referencia catastral 4849501NH2844N0001LW).

9.5.- Vao permanente na Avenida Milagrosa número 42. Autorización.

EXPEDIENTE: 2024/V008/000002
INTERESADO: José Manuel Añón Pereira
REXISTRO: 202400000000414 de data 24/01/2024
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Avda. Milagrosa, 42
REF. CATASTRAL: 5241529NH2854S0005SK

Antecedentes e obxecto

O interesado solicitou, con data 24/01/2024, e número de rexistro de entrada no concello 202400000000414, autorización para a colocación dun vao permanente de 3,00 m de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio situado na Avda. Milagrosa, núm. 42, de Carballo.

Segundo os datos da oficina virtual do Catastro, o edificio no que se sitúa o garaxe data do ano 1975.

Fundamentación

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña número 48, de 11 de marzo de 2019.

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régúlese a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal e o axente de inspección municipal xiraron visitas de comprobación ao garaxe con datas 02/02/2024 e 19/07/2024, constatando que cumpre coas seguintes condicións:

- Dispón dun extintor portátil de 6 Kg de eficacia 21 A – 113 B e alumeado de emerxencia.
- A ventilación é permanente e prodúcese de xeito natural a través de aberturas na fachada.
- A evacuación producírase a través de porta de eixe vertical existente na fachada do local.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable da enxeñeira municipal, de data 19/07/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 22/07/2024, no expte. 2024/V008/000002, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 3 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio situado na Avda. Milagrosa, núm. 42, baixo, de Carballo (referencia catastral 5241529NH2854S0005SK).

9.6.- Vao permanente no Paseo da Praia 25. Autorización

EXPEDIENTE: 2024/V008/000020
INTERESADO: Luciano Martínez Recarey
REXISTRO: 202400000004569 de data 19/07/2024
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Paseo da Praia, 25, Razo
REF. CATASTRAL: 15019A044003730000IJ

Antecedentes e obxecto

Luciano Martínez Recarey presentou con data 19/07/2024, e número de rexistro de entrada no concello 202400000004569, solicitude de autorización dun vao permanente de 3 m para facilitar a entrada e saída de vehículos dunha parcela situada no Paseo da Praia, núm. 25, de Razo.

Segundo os datos catastrais, a parcela con referencia catastral 15019A044003730000IJ, conta cunha edificación de uso residencial, e tal e como consta na propia solicitude, a garda e estacionamento de vehículos realizarase ao aire libre na parcela, encadrándoo por similitude cos descritos no artigo 82 da ordenanza, apartado c) Garaxes destinado a vivenda unifamiliar.

Fundamentación

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/02/2016, e publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo a normativa municipal, a parcela á que dará servizo o vao está incluída nunha área de actuación integral en solo de núcleo rural.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña número 48, de 11 de marzo de 2019.

Segundo esta ordenanza, está suxeito a autorización municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos estes bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte pola que se realiza o acceso.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable da enxeñeira municipal, de data 23/07/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 23/07/2024, no expte. 2024/V008/000020, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 3 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos da parcela situada no Paseo da Praia, núm.25, na parroquia de Razo, de Carballo (referencia catastral 15019A044003730000IJ).

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as ** horas a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretaria dou fe**